



Facultade de Xeografía e Historia

Traballo de
fin de grao

We shall overcome

O movemento polos dereitos civís
a través da teoría da acción colectiva
(1954-1968)

Autora: Aloia Insua González

Titor: Miguel Cabo Villaverde

Departamento de Historia

Historia Contemporánea

Curso 2021-2022

Traballo de Fin de Grao presentado na facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Historia

RESUMO

Durante a segunda metade do século XX tivo lugar un ciclo de mobilización a escala internacional, con variantes cronolóxicas, en métodos e en obxectivos, mais en contacto entre si. Nos Estados Unidos xorde o movemento polos dereitos civís a mediados da década de 1950. Este estaba composto por distintos grupos e tendencias, entre as que triunfou a mobilización pacífica. As súas conquistas e fracasos dependeron da situación da comunidade negra na posguerra e da capacidade de organización do movemento, ao tempo que dos condicionantes do Estado federal e os estados federados, como os procesos electorais, cambios de Goberno ou as respostas á Guerra Fría. Neste traballo analizarase este movemento a partir da teoría da acción colectiva de Sidney Tarrow e outros sociólogos, considerando os repertorios de protesta, o contexto de oportunidades e ameazas, o proceso de desmobilización e os resultados, na busca de comprender mellor o movemento, así como de valorar o uso dun enfoque sociolóxico no estudo dun proceso histórico.

PALABRAS CHAVE: Estados Unidos, dereitos civís, movemento social, comunidade negra, socioloxía histórica.

RESUMEN

Durante la segunda mitad del siglo XX tuvo lugar un ciclo de movilización a escala internacional, con variantes cronológicas, en métodos y objetivos, pero en contacto entre sí. En los Estados Unidos surge el movimiento por los derechos civiles a mediados de la década de 1950. Este se compuso de distintos grupos y tendencias, entre las que triunfó la movilización pacífica. Sus conquistas y fracasos dependieron de la situación de la comunidad negra en la posguerra y de la capacidad de organización del movimiento, al mismo tiempo que de los condicionantes del Estado federal y los estados federados, como los procesos electorales, cambios de Gobierno o las respuestas a la Guerra Fría. En este trabajo se analizará este movimiento a partir de la teoría de la acción colectiva de Sidney Tarrow y otros sociólogos, considerando los repertorios de protesta, el contexto de oportunidades y amenazas, el proceso de desmovilización y los resultados, en busca de

comprender mejor el movimiento, así como de valorar el uso de un enfoque sociológico en el estudio de un proceso histórico.

PALABRAS CLAVE: Estados Unidos, derechos civiles, movimiento social, comunidad negra, sociología histórica.

ABSTRACT

There was an international mobilization cycle in the second half of the 20th century with variations in timelines, methods, and objectives, while in contact with each other. In the United States emerged the civil rights movement in the mid 50s. It had different groups and trends within; pacifism triumphed among them. Its conquests and failures depended on the condition of the black community in the postwar era and on the movement organizational capacity, as well as on the conditionings of the Federal State and the federated states, such as the electoral processes, government changes or the responses to the Cold War. This movement will be analyzed according to Sidney Tarrow's theory of collective action, considering the protest repertoires, the opportunities and threats contexts, the demobilization process, and the results, seeking a better understanding of the movement, as well as to value a sociological approach studying a historical process.

KEYWORDS: United States, civil rights, social movement, black community, historical sociology.

ÍNDICE

Introdución.....	I
1. Repertorios de protesta.....	4
1.1. Exercicios de protesta: como se mobilizaron?.....	4
1.2. Tipos de acción colectiva no movemento	7
1.3. O simbólico e o identitario	12
2. Recursos e oportunidades	15
2.1. As grandes migracións e as igrexas negras	15
2.2. Oportunidades xurídicas e políticas	18
2.2.1 A NAACP e o Tribunal Warren	19
2.2.2. As administracións Kennedy e Johnson.....	21
3. Ameazas: resistencias e contramovemento.....	24
3.1. Goberno e FBI	26
3.2. Os estados federados	29
3.3. A violencia de grupos.....	32
4. Perda de forza e desmobilización (1965-1970).....	34
Conclusións	39
Bibliografía.....	43
Apéndice	47

INTRODUCCIÓN

A década de 1960 é unha de mobilizacións sociais e os Estados Unidos de América non foron unha excepción. Ao longo xa do decenio de 1950, nunha das dúas superpotencias da Guerra Fría emerxeu un movemento que se viu marcado por e marcou a historia do país: o movemento polos dereitos civís. Non foi un proceso en absoluto illado: inspirouse na loita pola independencia da India (culminada en 1947), estivo condicionado polas contradicións que xurdiron cos xuízos do Holocausto respecto do racismo nos EUA e desenvolveuse canda o proceso revolucionario en Cuba (1953-1959). Logo influiría nos repertorios de protesta e as demandas dos movementos estadounidenses das seguintes décadas.

O seu estudo pode acometerse de distintos xeitos (cronolóxico, temático, así como centrándose en certas organizacións ou acontecementos) que, abordados de forma crítica, aumentan o coñecemento sobre o proceso. No presente traballo escollemos unha aproximación vinculada coa socioloxía histórica, concretamente coa teoría da acción colectiva nos movementos sociais. Foi así porque 1) facilita a análise dos procesos e mecanismos ao podermos clasificalos con distintos criterios e non só a través dunha exposición cronolóxica; e 2) é máis doado estruturar as grandes preguntas e os lugares onde se poden atopar as respostas (*por que agora?*, *por que así?*). Non obstante, isto non significa que utilicemos este modelo teórico de forma acrítica. É unha tarefa complexa a de crear modelos que expliquen procesos sociais, pois hai cuestións que non encaixan á perfección ou matices que é preciso sinalar. Aínda así, a vasta literatura sociolóxica sobre a cuestión, xa madura, é proveitosa para o estudo histórico.

Sen poder falar dunha «escola» sociolóxica, si é certo que se construíu entre os autores que estudan os movementos sociais un consenso canto a determinados termos e ideas, a partir do que se engaden matices, se analizan distintos casos ou se ensanchan os modelos teóricos. Os tres factores que destacan neste modelo son as oportunidades políticas, as estruturas de mobilización e os procesos enmarcadores. Charles Tilly, Doug McAdam e Sidney Tarrow puxeron especial énfase na relación entre a política institucional e os movementos sociais e revolucións, sobre todo verbo dos EUA. Estes tres autores foron fundamentais para a elaborar este traballo, onde destacan as obras de

Tarrow, *El poder en movimiento* (2020), e de McAdam, *Political Process and the Development of Black Insurgency 1930–1970* (1982). Os tres teñen traballos en conxunto e consideraron as teses dos outros para as súas propias, polo que abundan os puntos en común. Sobre as estruturas de mobilización destacan John D. McCarthy e Mayern N. Zald (máis centrados nas manifestacións organizativas formais dos procesos de mobilización) e Tilly, Aldon Morris e McAdam (máis centrados no papel dos contextos para facilitar e estruturar a acción colectiva). Sobre os «significados compartidos», que lle permiten a un colectivo definir unha situación, atopamos traballos tamén de Tarrow, Tilly, McAdam e William A. Gamson (McAdam, McCarthy e Zald, 1996, pp. 23-27).

A literatura sobre o movemento polos dereitos civís é aínda máis ampla. Como o movemento non se pode entender sen o seu contexto e a súa relación con outros axentes, valoramos a bibliografía que puxo especial relevo nesta cuestión, como o libro de J. T. Patterson, *Grand Expectations: The United States, 1945–1974* (1997). Estes estudos adoitan seguir un fío cronolóxico, aínda combinado co temático, caso de *Four Hundred Souls* (Kendi e Blain, 2021) ou *Stamped from the Beginning* (Kendi, 2016). Tamén hai literatura específica, sobre todo en artigos que se centran nun aspecto ou característica do movemento; por exemplo, Nimitz (2016) sobre a doutrina da non-violencia. En fin, o movemento polos dereitos civís e os EUA da Guerra Fría non son temas pouco estudados; parte da súa complexidade está na busca, filtro e uso de fontes pertinentes ou novidasas.

Como definición básica de «movemento social» aceptamos a de Jesús Casquette (1998, p. 22). Este trátase dunha

[...] rede interactiva de individuos, grupos e organizacións que, dirixindo as súas demandas á sociedade civil e ás autoridades, intervén con certa continuidade no proceso de cambio social mediante o uso *prevalecente* de formas non-convencionais de participación.

Amais, distinguimos o movemento polos dereitos civís doutros que tamén emerxeron na comunidade negra por unha cuestión sinxela e crucial: o obxectivo era a integración dos negros na sociedade estadounidense como iguais.

Para o noso caso de estudo, consideramos que a mobilización comeza coas accións de protesta planificadas e non-violentas das organizacións a prol dos dereitos civís. Isto fai que sexa imposible marcar un inicio cronolóxico exacto. Por convención e por

extensión consideraremos a conxuntura dos EUA respecto ao movemento dende a década de 1940, e particularmente durante as de 1950 e 1960.

Dos tres factores sinalados dende as teorías da acción colectiva para o estudo de movementos sociais (oportunidades políticas, estruturas de mobilización e procesos enmarcadores) temos en conta os tres, mais a nosa esquematización é diferente. As oportunidades e estruturas atópanse de xeito máis explícito no segundo apartado, pero non existe unha sección dedicada especificamente ás grandes organizacións do movemento¹, á súa formación e á súa relación entre si e coas autoridades. Esta decisión débese a unha selección particular, sen significar que non teñan interese para a análise e comprensión do movemento (todo o contrario). Aínda así, certas dinámicas ou procesos si que son tidos en conta ao longo do traballo. Algo semellante ocorre cos procesos enmarcadores (significados compartidos e conceptos cos que se define unha situación), que aparecen ao longo dos distintos apartados.

En resposta a *como protestaron e por que así* elaboramos o primeiro apartado. Temos en conta os recursos e redes dos que dispoñía a comunidade negra para a década de 1950 e que facilitaron ou incluso impulsaron o movemento no segundo apartado, onde tamén se engaden as oportunidades políticas que tiveron a partir dos seus inicios. En terceiro lugar, formulamos as ameazas (riscos e custos da acción) que sufriu o movemento por parte de tres niveis de axentes represivos: o Goberno federal, a administración dos estados federados e a violencia racista por parte de grupos non-estatais. Por último, consideramos os distintos factores que favoreceron a desmobilización do MDC, que se explica pola dinámica do movemento, polas respostas das autoridades e opositores, así como polo novo contexto dos EUA, que o propio MDC perfilou.

¹ A *National Association for the Advancement of the Colored People* (NAACP), o *Congress of Racial Equality* (CORE), a *Southern Christian Leadership Conference* (SCLC) e o *Student Nonviolent Coordinating Committee* (SNCC).

I. REPERTORIOS DE PROTESTA

I.1. EXERCICIOS DE PROTESTA: COMO SE MOBILIZARON?

A maioría das formas de protesta do MDC son recursos modulares: tanto as marchas como as sentadas ou os boicots poden organizarse en lugares variados, con distintos fins, diversos obxectivos e son fáciles de difundir (Tarrow, 2020, p. 83). Segundo Tarrow (2020, p. 199), a acción colectiva convencional non precisa dun gran compromiso e supón un escaso risco. No MDC non foi así: aínda que as accións fosen «convencionais» —os boicots e as marchas eran ben coñecidas nos EUA—, non o foi que os negros, como grupo, as fixesen. Rexistrarse para votar ou participar nunha marcha supoñía un risco mortal no Sur. Neste apartado consideraremos as tres formas de protesta máis utilizadas no movemento: as marchas, as sentadas e os boicots. Todas elas, formas de protesta pacíficas.

As manifestacións son debedoras das procesións relixiosas, máis familiares aos cristiáns (Tarrow, 2020, p. 201). O movemento polos dereitos civís adaptou distintos elementos relixiosos que formaban parte das comunidades negras de fieis, como foron a retórica, a idea do amor ao próximo, as cancións ou as marchas. Esta forma de protesta tamén se vincula coa democracia, o que encaixaba cos obxectivos do movemento —un dos principais era o dereito a exercer o voto. Ademais, na Guerra Fría a idea da democracia formaba parte fundamental do discurso estadounidense fronte ao bloque soviético; isto favoreceu a lexitimación da forma da protesta e dos obxectivos do MDC.

Xa en 1941 Philip Randolph, cabeza do sindicato dos porteadores dos vagóns cama (só de afroamericanos), ameazara cunha marcha en Washington se o Goberno federal non actuaba contra a obvia discriminación nas Forzas Armadas e no emprego por contrato público. A máis famosa destas marchas é a de 1963, a Washington, que culmina co discurso de Martin Luther King Jr. (MLK): *I Have a Dream*. Outras lideradas por King foron as tres de Selma, en 1965.

As marchas responderon a distintas demandas: a desegregación, protestas contra asasinatos, para forzar a aprobación dunha lei, para axudar a que outras persoas se rexistrasen no censo electoral... Ao aire libre, podían ser realizadas en calquera localidade ou, coma na que foi de Selma ata Montgomery, no camiño dunha a outra.

Canto máis numerosas, máis seguras resultaban, polo que o aumento na afluencia retroalimentaba a marcha. Algunhas delas gozaron incluso de protección federal. Mais non só por isto foron un dos recursos modulares favoritos do movemento: nas marchas os negros podían subverter a imaxe de negro agresivo e incivilizado tan difundida nos EUA. Esixían os seus dereitos mediante unha práctica non-violenta, que mostraba a gran cantidade de apoios que tiña e aproveitaba a oportunidade que deu a expansión da televisión.

Unha das variacións máis significativas das marchas foron as *freedom rides* (paseos ou marchas pola liberdade), que se diferencian por recorrer unha distancia moito máis longa en medios de transporte (non a pé) e en campañas máis longas (duracións de semanas e incluso meses). Esta forma de protesta gañou forza a principios da década de 1960 da man do CORE. En 1947 fora a primeira *freedom ride*, cando o grupo pacifista dedicado á xustiza racial *Fellowship of Reconciliation* (FOR) quixo poñer a proba a decisión do Tribunal Supremo (TS) contra a segregación nas viaxes interestatais. Funcionou como modelo e así, cando en decembro de 1960 o TS ditaminou que a segregación nas terminais de buses interestatais tamén era inconstitucional, volveuse organizar unha marcha: sete negros e seis brancos subiron a dous buses en Washington e viaxaron ao longo do *Upper South* cara a Alabama, Mississippi e Nova Orleáns (Meier e Rudwick, 1969, p. 213; Patterson, 1997, pp. 20, 25, 469). Polo xeral, estas campañas longas foron máis intensas durante os veráns debido á dispoñibilidade dos estudantes, os membros máis novos e proclives á acción directa dentro do movemento².

No Norte, o CORE liderou sentadas en restaurantes de Chicago nunha data tan temperá como 1943 (Patterson, 1997, p. 26), mais só proliferaron entre finais da década de 1950 e principios da de 1960. As sentadas son unha forma de protesta modular, xa que se poden utilizar en establecementos públicos ou privados, nas rúas ou en prazas; foron utilizadas principalmente para forzar a desegregación de negocios no Sur, mais non en exclusiva. Pese á súa flexibilidade, non foron acollidas por todos os sectores do movemento. En Wichita (KS) en 1958 Ronald Walters, cabeza da sección xuvenil da

² Na sentada de Wichita de 1958 unha das preocupacións era a fin do verán, xa que a partir dese momento os estudantes non disporían do mesmo tempo (Walters, 2000, pp. 114), un recurso moi valioso nas protestas por erosión.

NAACP da cidade, buscou apoio noutros membros novos da asociación para forzar o fin da segregación nas mesas das cafeterías mediante as sentadas. Inspirados polos universitarios de California, que conseguiran a desegregación no restaurante do campus ao ocupar o lugar durante horas (tamén polo boicot de Montgomery e o apoio governamental á desegregación nas escolas en Little Rock), decidiron entrar no negocio e negarse a marchar até que lles servisen para comer alí, e non fóra, como até entón tiveran que facer. Herbert Wright, o secretario nacional das xuventudes do NAACP, informounos de que as sentadas non estaban consideradas como unha táctica da organización, polo que non recibirían cobertura legal no caso de que houbera demandas. Neste caso, organizáronse para sentarse dous días á semana dentro dun local pedindo que lles servisen. Co tempo, máis xente nova, sobre todo universitarios, fóronse sumando, de forma que podían estar varios días á semana no lugar. Finalmente, conseguiron que o dono do local accedese (Walters, 2000).

No decenio de 1960 houbo un cambio xeracional e de clase no Sur que modificou as formas de protesta. Das migracións masivas cara ao Norte quedaron agricultores maiores, adolescentes e os seus pais, un abano social que difería do perfil máis tradicional da loita —clase media urbana de mediana idade, predicadores, porteadores e educadores. En McComb, onde os segregacionistas tiñan un control total, os líderes do SNCC favoreceron as campañas de «acción directa», como eran as sentadas en instalacións segregadas. Moitos pais afroamericanos mostráronse pouco favorables a este tipo de protesta; en Wichita o seu gran medo, polo que prohibiron aos seus fillos participaren na sentada, era que os levasen ao cárcere (Walters, 2000, pp. 112). Outros vían con conmoción como o SNCC alentaba unha marcha de estudantes, a maioría menores de dezoito anos. Membros do movemento coma Robert Moses ou os líderes locais da NAACP preferían outras vías máis tradicionais, como a do litixio, mentres que as accións directas eran vistas como un esforzo insostible no tempo (Patterson, 1997, pp. 470-471).

En xeral, as sentadas foron preferidas polos máis novos e rexeitadas polos maiores, particularmente na NAACP. Nela eran observadas con desconfianza, agás polos seus Consellos Xuvenís, que difundiron esta táctica (Walters, 2000, p. 116). Estas protestas conformaban un risco maior: encerrados en lugares hostís, en menor número que nunha marcha e a menor distancia do perigo que nun despacho de avogados.

Os boicots naceron nos EUA durante o conflito pola independencia e eran unha práctica ben coñecida entre os estadounidenses. O que si resultou sorprendente foi que os negros a elixisen en Montgomery durante 1955 e 1956. Segundo James Patterson, o boicot non foi a causa última que garantiu a desegregación do transporte público, senón o litixio da NAACP (Patterson, 1997, pp. 405-406). Do que non cabe dúbida é que funcionou como demostración de forza, constancia e convencemento. A pesar dos inconvenientes, toda unha comunidade mantivo o boicot durante varios meses. Achegou proxección ao movemento, pois o esforzo foi coñecido ao longo dos EUA. E, aínda que non só a causa do boicot, o conflito rematou nunha vitoria. Así, este episodio foi importante non tanto para os dereitos obtidos como para o propio movemento. Como sinala Tarrow, os movementos sociais ocorren cando os grupos perciben unha posibilidade de triunfar (2020, p. 279), e isto significou o boicot de Montgomery. Este episodio concreto foi, pois, fundamental para o movemento polos dereitos civís, mais o recurso adoptado non foi dos preferidos pola súa incapacidade práctica (era custoso e non garantía unha vitoria).

O repertorio da década de 1960 nos EUA caracterizouse por tres cambios que, asegura Tarrow, «culminaron no repertorio “forte” actual»: 1) as marchas sobre Washington, 2) a dedicación dun período de tempo específico —sobre todo o verán— e 3) a práctica de sentadas, bloqueos de tráfico e ocupación de edificios (Tarrow, 2020, pp. 204-205). Todos eles, elementos fundamentais do repertorio de protesta do MDC.

1.2. TIPOS DE ACCIÓN COLECTIVA NO MOVEMENTO

Sidney Tarrow divide os tipos de acción colectiva en 1) violenta, 2) rutinaria e 3) alteración da orde establecida (2020, p. 180). O repertorio modular de protesta do movemento polos dereitos civís pode encadrarse tanto no rutineiro como na alteración da orde establecida: as accións (marchas, sentadas, proclamas etc.) non eran novas nos EUA, mais, por ser a primeira vez que os negros as utilizaban para a protesta social, rompían coa rutina, sorprendían os observadores e desorientaban as elites.

Seguindo a Tarrow (2020, p. 180), a alteración da orde ten unha forma máis directa e unha lóxica máis indirecta. A primeira é a ameaza de violencia. A segunda expresa a determinación dun movemento (onde teñen cabida a identidade e solidariedade), forza a atender as demandas e amplía o círculo do conflito. Marchas, boicots e *freedom rides*

encaixan na segunda. As sentadas correspóndense mellor coa «práctica do obxectivo», enfrontarse directamente ao «obxecto de indignación» (Tarrow, 2020, p. 185); non se levantar no transporte público cando os obrigasen a ir á zona de *colored* ou demandar servizo en locais segregacionistas entrarían dentro desa clasificación.

Tarrow sinala que adoito hai modos de actuación violenta e non-violenta dentro dun mesmo movemento (2020, p. 190). Jan Howard, quen participou no *Freedom Summer* en Mississippi (1964) e na marcha de Selma (1965), escribiu en 1966: «A estratexia do movemento neste país suscita unha pregunta importante: Un movemento dedicado á non-violencia como medio de acción e reacción necesita inherentemente a violencia para sosterse? A evidencia suxire que si». Sinala que unha das dificultades da marcha de Selma foi a frustración que xerou a resposta non-violenta á marcha. Para el, o movemento, a pesar de dicirse non-violento, precisaba da violencia dos opoñentes para conseguir resultados, necesitaba causar unha conmoción tal que a administración se vise obrigada a actuar en materia lexislativa (Howard, 2000, 164).

O movemento polos dereitos civís foi un movemento maioritariamente pacífico aínda que houbo estalidos de violencia, sobre todo nos veráns da década de 1960. A doutrina oficial, en efecto, era a da non-violencia: «A non-violencia no movemento era dirixida e formada como un *poder*, un poder tanto político e económico como moral e espiritual» (Reed, 2005, p. 5). Esta é unha das razóns polas que MLK acaeu no movemento. Na súa autobiografía escribiu que o seu primeiro contacto coa resistencia non-violenta foi a lectura do ensaio de Henry David Thoreau, «On Civil Disobedience»:

Fascinado pola idea de negarse a cooperar cun sistema malvado, conmoveume tanto que relín o traballo varias veces [...] Como resultado dos seus escritos e como testemuños directos, nós somos os herdeiros dun legado de protesta creativa. As ensinanzas de Thoreau cobraron vida no noso movemento polos dereitos civís; de feito, están máis vivas que nunca antes (King, 2004, pp. 40-41).

En 1957 escribiu sobre a resistencia non-violenta, un método «pasivo fisicamente pero activo de forma forte espiritualmente» (King, 2000, p. 59). Presentáboo como unha alternativa na loita, cun obxectivo diferente á derrota ou humillación do inimigo: o de

gañar a súa amizade e comprensión, é dicir, cun fin integrador³. A maioría dos negros compartían o *soño* de MLK da integración, fronte á postura menos popular de Malcom X, quen denunciaba a non-violencia como «a filosofía dun necio» (Cone, 2000, p. 67). Aínda que MLK foi o promotor máis recoñecido da non-violencia, xa o CORE se organizara partindo do vínculo cunha organización cristiá (a FOR) e inspirado polas tácticas da acción directa non-violenta de Gandhi (Meier e Rudwick, 1969, p. 214), con ditas primeiras *freedom rides* e sentadas no decenio de 1940.

King enfrontouse a quen animou dentro do movemento a unha acción violenta. Isto foi tanto por cuestións morais como prácticas, consciente da lexitimidade que outorgaba a non-violencia. Entre 1957 e 1960 mantivo un debate táctico con Robert Williams, xefe local da NAACP de Monroe (NC) e veterano da Mariña. Williams comezara a defender unha postura de autodefensa ante os múltiples e violentos ataques do Ku Klux Klan (KKK) no Sur. King acusouno de promover a defensa da violencia «organizada coma na guerra, de forma deliberada e consciente», mentres que se apropiaba da idea da autodefensa, admitindo que era a única «postura práctica»⁴ (Nimtz, 2016, pp. 4-5). En 1959 a NAACP propuxo a destitución de Williams⁵; os delegados que votaron a resolución que o depuxo tamén se mostraron favorables ao dereito á autodefensa individual e colectiva contra ataques fóra da lei. Finalmente, el fuxiu dos EUA en 1960 e dende Cuba enviou transmisións de onda curta para promover a acción revolucionaria entre os negros (Nimtz, 2016, pp. 5-6).

As solucións alternativas apelaron a xeracións máis novas, pero tamén foron os fracasos de campañas con recursos non-violentos as que abriron a porta a outras propostas. Entre 1961 e 1962 realizouse unha campaña en Albany (GA) que non conseguiu ningunha concesión concreta e criticouse a táctica da acción non-violenta da SCLC e King. Fred Shuttlesworth, pastor de Birmingham, propuxo realizar alí a seguinte

³ O ataque tería que dirixirse contra as «forzas do mal», e non as persoas «atrapadas nesas forzas», evitando a violencia física e a do espírito, así como a intensificación do odio no mundo. Para el, esta doutrina estaba apoiada polo Novo Testamento, xa que a mensaxe de Cristo era unha mensaxe de amor. Apelou á fe cristiá, pois «Deus está no lado da verdade e da xustiza» (King, 2000, pp. 60-61).

⁴ Unha terceira vía sería a da «non-violencia pura», da que King dixo que «non podería atraer grandes masas, xa que require dunha disciplina e valentía extraordinarias» (Nimtz, 2016, p. 5).

⁵ O proceso desatouse a causa dun comentario que Williams fixera sobre a absolución dos acusados nun caso de violencia racista en Monroe: «A violencia tería que atoparse coa violencia» (Nimtz, 2016, pp. 5-6).

operación en abril de 1963, desta vez empregando a non-violencia táctica cun carácter de confrontación, como levaban tempo practicando alí. Esixiron a fin da segregación nas tendas do centro da cidade, maiores oportunidades de emprego para os negros e o establecemento dun comité birracial para organizar a fin da segregación nas instalacións públicas. Fixeron sentadas, piquetes e marchas coa idea de provocar unha reacción policial violenta e así atraer a atención nacional (tamén a do Goberno de Kennedy), mais o xefe de policía, de xeito inesperado, non caeu na hostilidade. Entón, King e Ralph Abernathy decidiron que para virar o foco a Birmingham eles mesmos debían ser arrestados. August Nimitz le no texto que King escribiu nos días que pasou no cárcere unha ameaza: ou el e o seu discurso non-violento, ou a Nación do Islam e outros grupos potencialmente violentos. Xa liberado, King xunto aos líderes da SCLC e Shuttlesworth decidiron intensificar a confrontación, de forma que os cárceres se enchesen de rapaces en idade escolar. Este plan coñeceu-se como *Project C* (de confrontación) ou como a «cruzada dos nenos». A decisión foi moi controvertida, incluso cuestionada por King, ao que Shuttlesworth respondeu: «Temos que usar o que temos». Conseguiron imaxes de mangueiras e cans da policía agredindo a manifestantes pacíficos e, finalmente, un acordo cos comercios do centro, co apoio da administración Kennedy, que chegou a formular a posibilidade dunha lexislación federal contra a segregación (Nimitz, 2016, pp. 6-9).

En Birmingham os negros contestaron as agresións policiais lanzando obxectos contundentes, como ladrillos ou pedras. Foi a primeira vez que un número significativo rompía o mandato da non-violencia (Patterson, 1997). Malcom X animou isto: «Nós cremos que se un can de catro ou de dúas patas ataca un negro, debería ser asasinado». A posibilidade dunha escalada de violencia persuadiu a Robert F. Kennedy (fiscal xeral) de falar con Shuttlesworth para chegar antes a un acordo. Cando o KKK soubo do pacto, varios membros locais atentaron con bombas contra o lugar onde se aloxaba King. A noite do 10 de maio os grupos de negros responderon con disturbios urbanos: destruíron vehículos (de policía e privados), arrasaron seis tendas e prenderon lume a un edificio residencial. O Goberno acordou o envío de 18 000 tropas federais (Nimitz, 2016, pp. 8-9).

Semella que o fiscal xeral era consciente da deriva que podía tomar o movemento segundo quen o liderase:

Recordade que foi King quen foi aos salóns de billar e porta por porta recollendo coitelos, dicíndolle á xente que fose á casa e que se mantivesen fóra das rúas e non fosen violentos [...] Se King perde, peores líderes tomarán o seu lugar (Nimtz, 2016, p. 9).

Robert e John atoparon daquela unha profunda razón para apoiar o movemento polos dereitos civís pacífico: evitar revoltas.

Así, a ameaza da posibilidade da violencia, máis que ela en si, xogou un importante papel no movemento, nas súas tácticas e na súa relación coas autoridades. O 11 de xuño o presidente Kennedy anunciou unha petición que quería facer ao Congreso: rematar co sistema *Jim Crow* (o sistema legal de segregación) en instalacións públicas, autorizar o Goberno federal a ser máis activo na desegregación escolar e garantir unha maior protección do dereito ao voto. No seu discurso fixo fincapé nas manifestacións nas rúas e na posibilidade de violencia. Non estraña que o Goberno se preparase para a marcha sobre Washington de agosto. Intentaron disuadir os organizadores, dispuxeron tropas militares e apremaron para que se modificase —é dicir, censuraron— o discurso do líder do SNCC, John Lewis⁶. A gran marcha transcorreu sen violencia (Nimtz, 2016, pp. 10-13).

A posibilidade dun xiro violento non só a albiscaba o Goberno⁷, senón tamén King e outros líderes, como Roy Wilkins. Polo xeral, a NAACP mostrouse desconfiada e reticente ante a acción directa, aínda que fose non-violenta. Xa en 1946 Thurgood Marshall advertía da existencia de «grupos radicais» en Nova York, en referencia ao CORE e o FOR, que querían aplicar os métodos de Gandhi na loita polos dereitos civís (Meier e Rudwock, 1969, p. 216). Aínda que temida, algunhas das cabezas do movemento (pastores incluídos)⁸ comprendían as razóns da defensa activa: a brutalidade e a impunidade de crimes violentos dos brancos (Nimtz, 2016, p. 13). Como indica Tarrow, as innovacións adoito xorden da interacción protesta/opoñente (2020, p. 207); neste caso,

⁶ O discurso orixinal de Lewis insistía na pouca utilidade dos proxectos de lei de dereitos civís e a fraude que eran tanto o Partido Demócrata coma o Partido Republicano (Kempton, 2000, p. 129).

⁷ A crecente influencia de Malcom X alentou as ameazas, e o aumento das protestas contra Vietnam fixo máis urxente para o Goberno eludir os estalidos violentos. Aínda así, non sempre se puideron evitar. En 1964 estalou en Watts (LA) o maior disturbio civil dos EUA no século XX (Nimtz, 2016, pp. 13, 20).

⁸ O bispo da Igrexa episcopal metodista africana C. E. Tucker afirmou: «A filosofía de Ghandi da non-violencia en situacións coma esta semella impotente e ineficaz [...] Fago un chamamento aos nosos membros nestes estados, aquí e agora, para que se armen para repeler calquera intrusión ilegal contra as súas persoas, a privacidade dos seus fogares ou a sacralidade das súas institucións» (Nimtz, 2016, p. 13).

a innovación violenta aparece como resposta a unha violencia civil e policial, da que adoito os perpetradores saían impunes.

As tácticas da acción directa non-violenta ou da «provocación» foron deseñadas para acomodarse á realidade do Sur. Cando King quixo aplicar as mesmas tácticas nos guetos das cidades do Norte foi menos efectivo: as respostas dos oponentes eran máis sofisticadas (as manifestacións eran neutralizadas con maior facilidade), os problemas de máis complexa solución (o máis obvio deles era a pobreza) e o racismo máis sutil ca no Sur (Colaico, 1986, p. 27). Esta foi unha das razóns polas que o *Black Power* e a retórica de Malcom X conseguiron moito maior apoio no Norte, onde semellaba que a única saída a unha violencia institucional que frustraba calquera outra táctica era a violencia.

O movemento polos dereitos civís tentou rexerse pola doutrina da non-violencia, que tinguu a maioría das súas campañas e accións. Aínda así, a violencia estivo presente: quer coa intención de provocala, quer por estalidos descontrolados en determinados momentos. Ora ben, non tivo a mesma coordinación, apoio institucional nin intensidade que a violencia preventiva e reactiva dos brancos.

1.3. O SIMBÓLICO E O IDENTITARIO

A representación tamén pode funcionar como protesta social. No movemento polos dereitos civís isto fíxose acudindo a distintos símbolos identitarios: dende o peiteado *afro* até os ritmos africanos. T. V. Reed afirma que «as formas de cultura máis centrais para o movemento dos dereitos civís foron, sen dúbida, a música e a relixión» (2005, p. 2)⁹. Cantábase nas marchas, nas sentadas, no cárcere, nas reunións... A canción coroa deste movemento foi *We Shall Overcome*¹⁰. Os afroamericanos lograron un espazo na industria

⁹ O elemento relixioso estaba presente nos cantos, e estes nas liturxias (o *gospel*). Houbo varios grupos claves para o movemento. Un foi *The Nashville Quartet*, centrados no *rhythm and blues*; outros foron os *Freedom Singers*, quen cruzaron os EUA recadando diñeiro para o movemento (Reed, 2005, pp. 20-23).

¹⁰ Esta fora primeiro unha canción do mundo sindical, vinculado coa capacidade organizativa do movemento —os sindicatos de negros apareceran con forza coas migracións após 1945, nas áreas industrializadas ás que viaxaron—, ambiente do que tamén se tomou *Which Side Are You On?*. Da posguerra son as cancións dos veteranos, como a que dicía: «*I'm an American fighting man / I'll defend this country as long as I can / And if I can defend it overseas / Why don't you set my people free!*». En Montgomery cantouse unha peza xa coñecida polas persoas que acudían á igrexa, moi familiar para a comunidade implicada nas protestas: «*Walk together children, don't you get weary. / Walk together children, don't get weary. / There's a great camp meeting in the Promised Land*». E eles continuaron camiñando até que a segregación nos buses se declarou anticonstitucional (Reed, 2005, pp. 7-18).

musical dende a década de 1950 (Muddy Waters, Aretha Franklin, Ray Charles, James Brown, Otis Redding...) que se mantería aínda na década de 1970. Estes artistas chegaron a audiencias brancas, expresaron as súas sensibilidades e reivindicacións, e participaron (de maneira máis ou menos consciente) na configuración dunha «identidade» negra.

A relixión reforzou unha identidade colectiva mais uns valores e emocións que impulsaron a mobilización: a apelación ao amor á comunidade e ao outro vincúlase directamente coa doutrina da non-violencia; a idea de respecto opera tanto para esixilo dos demais como para construír a identidade do Negro como persoa digna de ser respectada; e, ademais, a crenza nunha divindade xusta e que quere os seus fieis proporciona optimismo e confianza. Os líderes e as organizacións realizaron un fondo traballo emocional de construción de fortes lazos de identidade para garantir a solidariedade e a mobilización (Tarrow, 2020, pp. 268-270).

Os movementos definen, cristalizan e constrúen as identidades colectivas (Tarrow, 2020, p. 252); responden á pregunta: Quen somos nós? Todos os que se sintan apelados pola resposta tamén o estarán polos agravios que sofre o grupo ou as accións e solucións que propón o movemento. A identidade que intentaron construír os líderes do MDC foi a do negro de clase media, pacífico e merecedor de respecto, xa que así se vían eles. As marchas foron unha grande oportunidade: podían presentarse ante os EUA como un colectivo pacífico moi diferente á caricatura racista do negro como inútil, pailán, torpe, pobre e violento. No Sur estes cualificativos salientáronse tras a fin da Guerra Civil. Coa liberación dos escravos atopárase a forma de seguir posuíndo man de obra escrava grazas a que, segundo a XIII Emenda, todos os estadounidenses son libres, agás excepcións como as condenas criminais. Buscouse de xeito sistemático a condena dos escravos liberados (por mendigar, lacazanear, achegarse a mulleres brancas, pequenos roubos...), quen carecían de medios para defenderse nos tribunais (Blackmon, 2008). En *The Birth of a Nation*, filme estreado con grande éxito en 1915, preséntase o negro como un ser salvaxe e criminal que acosa e quere violar as mulleres brancas —unha das acusacións máis comúns contra eles no Sur. Para conseguir aliados, respecto e, finalmente, a integración, era fundamental esvaecer aquela imaxe, conformada dende había décadas.

Parte do obxectivo das mobilizacións é atraer máis seguidores e impresionar ou ameazar as autoridades (Tarrow, 2020, p. 325), propósitos para os que son necesarias as

demostracións públicas (o *performático*) e canles de comunicación que as difundan. Esta nova «presentación» do Negro ampliaba as alianzas do movemento: para os brancos e persoas no marco estatal era máis doado xustificar as decisións en favor das demandas do MDC se este tiña aparencia integradora e pacífica.

As cabezas das comunidades eran de clase media —ben como moitos dos precursores, entre eles os membros da NAACP—, razón pola que preferiron esta identidade. Malia non pertencer a ela, asumíraa tamén a maioría dos negros das décadas de 1950 e 1960, ao corresponderse coas súas expectativas consonte a mellora xeral das condicións económicas. Porén, non se conseguiu unha identificación harmoniosa de todos os negros estadounidenses. As súas condicións de vida eran moi diferentes no Norte e no Sur, dous contextos (o rural e o gueto) de onde xurdiron dous marcos de interpretación diferentes. Malcom X expuxo con nitidez a diferenza entre estas dúas identidades: os «negros da casa» e os «negros de campo» (1968, p. 57). Os primeiros mellor tratados (aínda así escravos), os segundos peor; os primeiros na busca da integración, os segundos dunha loita contra o branco. Martin Luther King Jr. e Malcom X foron fundamentais para o MDC, alén das súas contribucións ideolóxicas e tácticas, como *representación* desas dúas identidades.

Xa que os marcos da acción colectiva non son só formados polo movemento, senón tamén polos medios de comunicación e o Estado, para o MDC era crucial a imaxe que transmitían nas protestas: a dunha determinación pacífica —por isto foi tan importante para eles a doutrina da non-violencia. Emporiso, Jan Howard argumenta que a provocación da violencia procuraba conseguir imaxes que impactasen na opinión pública e no Goberno, para conseguir así maiores vitorias:

A violencia é dramática, e aos estadounidenses gústalles o dramático. Os medios de comunicación de masas darán gran cobertura á violencia e ás ameazas de violencia mentres que ignorarán inxustizas contra o Negro máis sutís, así como intentos para remediar as inxustizas tamén máis sutís (Howard, 2000, p. 161).

O movemento polos dereitos civís xogou tamén coa identidade «americana», construída dende a independencia e cos matices engadidos no contexto da Guerra Fría. Se os EUA eran a terra dos «homes libres», eles reclamaban esa liberdade —para estudar,

comer ou entrar na tenda que quixesen. Se os EUA eran os grandes «defensores» da democracia e os valores occidentais, eles debían poder exercer o seu dereito ao voto. Se os EUA loitaran en nome da liberdade e a democracia contra o réxime nazi, que executara un xenocidio, como ían os «americanos» permitir a discriminación violenta por criterios raciais no seu país? Esa representación e discursos dos EUA deron unha oportunidade neste mesmo plano ao MDC, que a percibiu e aproveitou.

2. RECURSOS E OPORTUNIDADES

Existen varios elementos necesarios para que un movemento social poida xurdir e manterse. Os principais son unha base de recursos e a apertura de oportunidades sociopolíticas¹¹, mais hai outra condición: que esas posibilidades sexan *percibidas* como tales (Tarrow, 2020, pp. 279-283). Os negros repararon nelas durante as décadas de 1950 e 1960, e co triunfo de reivindicacións do movemento máis persoas concluíron que o momento era aquel. A alianza co Goberno federal foi un proceso paulatino, con reticencias e desconfianzas, pero indispensable para acadar uns resultados aínda moi afastados.

2.1. AS GRANDES MIGRACIÓNS E AS IGREXAS NEGRAS

Houbo varios procesos nos EUA que afectaron á poboación negra ao longo da década de 1940 e que resultaron factores favorables para o inicio dun movemento social. Foron fundamentais, porque os cambios a curto prazo das oportunidades non poden compensar a debilidade de recursos económicos, culturais, ideolóxicos ou organizativos dun movemento (Tarrow, 2020, p. 286).

En termos xerais, a economía dos EUA beneficiouse do desenlace da II Guerra Mundial. Así, as condicións de vida dos estadounidenses negros melloraron nos anos finais do decenio de 1940. A constitución dunha «clase media» negra (que xa comezara décadas atrás) foi esencial para o movemento, xa que contaba cun capital social,

¹¹ Sobre os múltiples factores que influíron na construción do movemento negro dende 1900 até 1954, véxase o Apéndice, imaxes 1 e 2. Tamén foi importante a televisión, nova canle de difusión de información que abriu oportunidades para o MDC e permitiu mostrar a violencia física que sufrían os negros nos EUA. Ademais, ver as mobilizacións dun grupo nun punto do país podía animar outros a organizarse.

económico e intelectual que lle permitiu tecer novas organizacións e programas e dispoñer dos recursos (en cartos e en tempo) para as accións de protesta.

A principios da década de 1940 mecanizárase con rapidez a produción de algodón e durante o auxe da II Guerra Mundial aumentou o emprego industrial no Norte, de modo que un millón de afroamericanos abandonou o Sur. Un millón e medio máis abandonárono ao longo da década de 1950 (Patterson, 1997, p. 9). Tamén se sinala que esas migracións cambiaron a conciencia colectiva dos negros. Ao abandonar unha sociedade rural, dispersa e fortemente segregada para pasar ao Norte, onde existía unha menor segregación e a poboación estaba concentrada en determinados barrios (guetos), formouse un sentido de comunidade moi diferente. Os traballos industriais tamén favorecerían esa concentración, de xeito que a información se difundía máis rápido, a organización era máis sinxela e era máis doado que xurdise unha «sensación de poder colectivo» (Reed, 2005, p. 7)¹².

No Sur os grandes centros de reunión eran as igrexas. A segregación nestas e a cultura relixiosa negra permitiron que todas as persoas negras dunha zona se xuntasen semanalmente, creando unha sensación de identificación entre a comunidade e as igrexas¹³. Estas foron un valioso recurso para o movemento en canto proporcionaron 1) unha base de masas; 2) un liderado de pastores independentes economicamente de autoridades brancas, con formación e habilidades oratorias; 3) unha base financeira institucionalizada mediante a que poder financiar a protesta; e 4) lugares de encontro para a difusión de información, novas ideas e tácticas (Morris, 1984, p. 4). Todas estas condicións favoreceron a creación e cohesión do movemento.

Tamén aquí houbo diferenzas segundo o contexto. Ademais das migracións ao Norte, a poboación negra tamén abandonou o rural do Sur concentrándose nas cidades.

¹² Comezan tamén a demandar poder participaren nos sindicatos, aínda que os dos sectores clave (construción, fontanería, traballo con latón e eléctrico) na práctica prohibían a afiliación dos afroamericanos. Porén, un sindicato que si logrou constituírse, a *Brotherhood of Sleeping Car Porters*, organizouse en favor da obtención de dereitos para os negros. Os portadores da *Pullman Company* representaban a elite de moitas comunidades negras e exercían un importante liderado local e mesmo nacional, coma foi o caso de A. Philip Randolph (Patterson, 1997, pp. 20, 387). A *Highlander Folk School* en Tennessee, que comezou en 1930 un labor organizativo sindical, converteuse na década de 1950 nun centro fundamental para a aprendizaxe do movemento polos dereitos civís (Reed, 2005, p. 7).

¹³ En 1930 os negros eran 33% da poboación de Atlanta, pero eran súas 57,7% das igrexas; en Birmingham 38% e 53%, respectivamente; en Nova Orleáns 28% e 52%; en Richmond 29% e 38% (Morris, 1984, pp. 5-6).

A igrexa funcionou en ambos como lugar de construción e reunión da comunidade. Non obstante, as igrexas urbanas estaban mellor financiadas, acudía maior número de fieis e polo xeral os seus pastores tiñan unha mellor educación e recibían mellor salario —así, podían ser pastores a tempo completo, de forma que aumentaba o seu ascendente sobre a comunidade (Morris, 1984, p. 5). Unha mellor financiación tamén significou a creación de programas e actividades, coordinadas por comités. A mellora das condicións de vida permitía máis doazóns e traballo voluntario, dous elementos moi valiosos para a organización e mobilización dun movemento social (Morris, 1984, p. 6). Segundo Smith (1998, p. 12), os movementos sociais requiren de disciplina, sacrificios e altruísmo; neste sentido, o sacrificio de Cristo pola humanidade funciona como guía ética.

Desta forma, cando as igrexas se uniron á loita polos movementos civís incorporaron unha estrutura organizativa eficaz¹⁴, con base social, experiencia, unha rede de contactos, amparo moral e que se atopaba en cada localidade dos EUA. Por si soas, as igrexas poden non representar unha ameaza ao sistema —de feito, é posible argumentar que favoreceron unha sensación de integración que amorteceu a frustración e os estalidos violentos—, pero configuraron unha rede social moi útil para o MDC e achegaron recursos simbólicos e emocionais capaces de iniciar e manter mobilizacións.

As igrexas demandaban pastores carismáticos, capaces de liderar a comunidade e gañar o seu respecto e lealdade. Eles formáranse na Universidade¹⁵, institución segregada e moi vinculada coas igrexas. Ademais, a maioría dos pastores negros dicían ter unha conexión directa con Deus, o que lles proporcionaba máis ascendente entre os seus fregueses e unha autoridade moral que podía desafiar as terreais¹⁶ (Morris, 1984, pp. 8-9).

A súa formación e experiencia permitiulles saber cando e como emocionar o público, pero isto non significa que «manipulasen» unhas «masas maleables». Para poder ser recoñecidos como líderes debían coñecer as inquietudes e metas das súas audiencias,

¹⁴ Existía unha división de traballo definida, con comités permanentes e grupos organizados onde o clérigo era a máxima autoridade. Neles había unha forte ética de traballo, animados e recoñecidos polas súas contribucións nun ambiente de respecto que non experimentaban fóra do grupo (Morris, 1984, p. 6).

¹⁵ Moitos dos profesores estaban orgullosos do seu ascenso social e do que iso demostraba —a capacidade intelectual do Negro, discutida até datas tardías— e comprometíanse coa cuestión racial. Inculcaron nos seus alumnos valores como a dignidade humana e a valentía (Morris, 1984, p. 6).

¹⁶ Foi o caso do pastor Shurrlesworth, quen, ante a prohibición aos pastores de animar ao boicot dos autobuses de Montgomery, respondeu: «Só Deus pode dicirme que falar no púlpito» (Morris, 1984, p. 9).

articulándoas e propondo solucións (máis espirituais ou máis prácticas): debían escoitar e responderlles aos seus fieis. Este coñecemento das bases permitiulles aos líderes teren unha visión realista dos recursos e potencial do movemento, así como a confianza das bases nas iniciativas que propoñían. A diferenza doutros casos, existía unha grande identificación entre a igrexa, os pastores líderes e as súas comunidades. O púlpito, ademais, funcionou como unha canle de información rápida e eficaz, xa que a mesma mensaxe podía ser anunciada cunha boa retórica e perante unha ampla audiencia en miles de localidades nun só día (Morris, 1996, p. 33).

A coordinación entre eles, pois, resultaba fundamental. Os líderes de cada comunidade relacionábanse en convencións, reunións ou eventos periódicos. Nas grandes cidades existían alianzas formais entre os pastores de cada igrexa, que funcionaban como foros de debate e coordinación de tácticas en asuntos que adoito afectaban a todos os fregueses. Os distintos credos tiñan organizacións a nivel nacional, onde se reunían os pastores e os crentes por millóns. En 1945 os negros eran 14 millóns —un enganoso 10% da poboación (Patterson, 1997, p. 15)—, de forma que as organizacións relixiosas nacionais podían contar con millóns de membros.

Se a configuración dunha rede como a que proporcionaban as igrexas negras foi fundamental para o MDC, tamén o foi a construción dunhas bases teóricas e un traballo legal que o NAACP levou a cabo durante décadas. As relacións entre os seus membros, as discusións sobre tácticas e idearios, e o seu papel como suxeitos recoñecidos dentro das súas comunidades foron tamén recursos importantes para o MDC. Pero, principalmente, o labor da NAACP abriu distintas oportunidades.

2.2. OPORTUNIDADES XURÍDICAS E POLÍTICAS

Hai varios factores contextuais que abren perspectivas de éxito claras e inmediatas: 1) o acceso á participación de novos actores, 2) a evidencia dunha reconfiguración política, 3) a dispoñibilidade de aliados influentes e 4) a aparición de fisuras entre os dirixentes (Tarrow, 2020, p. 287). A participación abriuse ao contar a comunidade negra cos recursos económicos, formativos e organizativos suficientes. A primeira evidencia dunha reconfiguración política son as sentenzas do Tribunal Supremo que lle esixían ao Goberno obrigar os estados ao cumpriren unha lexislación, en contra da tradición política

estadounidense. Os aliados influentes foron primeiro o TS e despois o Goberno, durante as presidenciais de John F. Kennedy (JFK) e Lyndon B. Johnson (LBJ). Ademais, as divisións no Partido Demócrata (PD), entre o Goberno estatal e os federais e, sobre todo, Vietnam facilitaron o aumento da mobilización social.

2.2.1 A NAACP E O TRIBUNAL WARREN

A NAACP formouse en 1909, na busca da igualdade política e social dos afroamericanos. Nas seguintes décadas foise ampliando e estruturando, e impulsou distintas iniciativas, como a campaña de 1919 para a aprobación dun proxecto de lei contra os linchamentos. Buscou o apoio dos tribunais federais para impugnar as leis segregacionistas (véxase o Apéndice, gráfica 1). A primeira vitoria chegou en 1915, no caso *Guinn v. USA*, onde se declarou anticonstitucional unha cláusula que prohibía o voto aos negros no Sur. A partir de entón a NAACP concentrou os esforzos nunha loita contra a segregación mediante a Constitución, é dicir, pola vía legal (Watson, 2000, pp. 38-40).

Nas décadas de 1930 e 1940 Thurgood Marshall e outros compañeiros avogados (sección *Legal Defense and Education Fund* da NAACP) centráronse en rematar co «separados pero iguais» na educación universitaria. A partir do decenio de 1940 comezaron a loita contra as escolas públicas segregadas. Nese momento 40% dos nenos estadounidenses de 21 estados acudían a elas (Patterson, 1997, p. 387). Estados e distritos escolares segregados afirmaron que se cumpría a doutrina de «separados pero iguais», mais os datos indicaban todo o contrario, sobre todo no *Deep South*¹⁷. Tras varios anos de litixio, en 1953 cinco preitos alcanzaron o Tribunal Supremo; desafiaban as políticas educativas dos estados de Virxinia, Delaware, D. C., Carolina do Sur e Kansas. O demandante máis coñecido era Oliver Brown, soldador de Topeka, Kansas. A súa filla de oito anos tiña que acudir a unha escola de negros a unha distancia de vinte e un bloques da súa casa, cando existía unha de brancos a só sete. A súa demanda presentouse en 1951 como *Brown v. Board of Education of Topeka* (Patterson, 1997, p. 388).

¹⁷ En 1945 o estado de Carolina do Sur gastou 3 veces máis por alumno nas escolas brancas que nas negras, e 100 veces máis no transporte de estudantes brancos, ao tempo que o valor das propiedades de escolas brancas era 6 veces o dos negros. En Mississippi as escolas brancas recibiron no mesmo ano 4,5 veces máis financiamento que as negras. En case todos os lugares onde existía a segregación, os cursos escolares dos negros eran máis curtos, os profesores gañaban menos e os libros de texto eran descartes das escolas brancas (Patterson, 1997, pp. 387-388).

Até entón o Tribunal Supremo non fora un aliado seguro na batalla legal. Máis favorable a rematar co sistema *Jim Crow* a nivel universitario, noutros asuntos estaba dividido. Nos casos de 1953 prevíase unha vitoria por unha marxe estreita (5-4) que invitaría á resistencia das autoridades do Sur. En setembro morreu o xefe do Tribunal, Fred Vinson, e Eisenhower nomeou a Earl Warren, gobernador de California. Segundo os cálculos do presidente, Warren, como republicano *liberal*, apoiaría os demandantes. Mais non anticipou a súa capacidade para lograr consenso (Patterson, 1997, pp. 388-389).

A revogación por unanimidade (9-0) da segregación racial nas escolas públicas tivo un recibimento positivo na comunidade negra: o *Chicago Defender* chamouna «segunda proclama de emancipación». En xeral, os estadounidenses confiaban na capacidade das escolas para promover a igualdade de oportunidades e a mobilidade social, polo que se esperaba desa sentenza de 1954 que os prexuízos raciais diminuírían. Porén, houbo voces que se preocuparon pola situación das escolas só para negros, e outros cuestionaron unha das premisas da decisión: que as escolas monorraciais inculcaban sentimentos de inferioridade nos nenos afroamericanos —moitos pensaban que, pola contra, isto se agravaría ao compartiren espazo con brancos racistas (Patterson, 1997, pp. 389-391).

A decisión do Tribunal debilitou os políticos do Sur moderados en cuestión racial, mentres que encoraxou os racistas e suscitou tendencias violentas entre os supremacistas. Os políticos do Sur configuraron distintas estratexias administrativas para evitar o cumprimento de *Brown*: cortar axudas ás escolas desegregadas, dar bolsas aos estudantes que acudían a centros privados só de brancos, denegar licenzas a profesores de escolas desegregadas e apartar os membros da NAACP de postos públicos. Cando o TS abordou a aplicación da lei, en maio de 1955, xa se propagara a resistencia no Sur e eran visibles as grandes dificultades que supoñía e ía supoñer (Patterson, 1997, pp. 392-399).

A pesar da lentitude do proceso e das trabas, *Brown* tivo un importante efecto para o MDC: o rápido incremento nos esforzos dos activistas polos dereitos do voto (Patterson, 1997, pp. 389-391). Enxergouse a posibilidade real dun cambio: a dispoñibilidade de aliados influentes e vitorias legais que afectasen a todo o país. Así, cando se organizou o boicot de Montgomery existía unha esperanza de éxito, onde tamén traballou a NAACP para conseguir unha vitoria nos tribunais e que alentou outras accións colectivas.

Neste apartado vimos dous tipos de oportunidades. Por un lado, as *creadas*, que se apoian nos recursos ou nas «condicións necesarias», como é a constitución dunha clase media negra; conseguidas polo traballo, vontade e insistencia da NAACP. Por outro lado, as *casuais*, como foi o nomeamento de Earl Warren —ninguén anticipaba o resultado nin foi unha cuestión «sistémica», pois a estrutura xudicial e estatal dos EUA seguiría funcionando con calquera outro xefe do TS. As vitorias de *Brown* e de Montgomery, legal e organizativa, ademais de animar á afiliación e a novas iniciativas, permitiron unha nova lectura da conxuntura, reforzada coa campaña e lexislatura de Kennedy.

2.2.2. AS ADMINISTRACIÓNS KENNEDY E JOHNSON

A campaña de JFK produciu unha importante viraxe no discurso político. Segundo Tarrow (2020, p. 280), as oportunidades aumentan para os movementos cando se altera o equilibrio nos recursos políticos e económicos entre un Estado e quen o desafia. Neste caso o desafío non era ao Goberno ou o Estado como tal, senón ao sistema de segregación racial; de feito, o movemento sempre buscou o recoñecemento estatal e legal das súas demandas, que querían integrar no sistema. Ademais, non mudou o equilibrio económico entre ambos os axentes. Pero si houbo un cambio no político respecto do PD, que para as eleccións de 1960 dependía do voto negro (e aínda así gañaría por unha marxe mínima)¹⁸.

Con Franklin D. Roosevelt o electorado negro comezara a votar o PD, mais durante a década de 1950 o electorado negro das cidades volveu votar o Partido Republicano (PR), sufraxios que JFK quixo recuperar. Para isto, tomou a iniciativa na defensa dos dereitos civís. En 1961 o Goberno creou un Comité de Igualdade de Oportunidades no Emprego, liderado polo vicepresidente Johnson, que contratou máis negros no Goberno federal e se involucrou nas loitas polo dereito ao voto no Sur¹⁹. Porén, Kennedy negouse a presentar un proxecto de lei de dereitos civís até 1963 e tampouco emitiu unha orde executiva que prohibise a discriminación racial nas vivendas con apoio federal, dúas promesas da súa

¹⁸ A reforma é máis probable cando os desafíos ofrecen ás elites unha ocasión de primar as súas carreiras e programas (Tarrow, 2020, p. 293).

¹⁹ John F. Kennedy e Robert F. Kennedy apostaron por facer tratos cos políticos do Sur. Por exemplo, Robert acordou cos funcionarios segregacionistas de Mississippi que os *freedom riders* de Jackson serían arrestados pacificamente. Segundo o fiscal xeral adxunto Burke Marshall, o «federalismo Kennedy» consideraba que as autoridades locais eran responsables de gardar a orde e protexer os cidadáns de actos ilegais. Só cando estas perdesen o control debía intervir o Goberno federal (Patterson, 1997, p. 477).

campaña. Aínda que buscaba o voto negro, non quería perder outros, que precisaba para as lexislativas de 1962 e as presidenciais de 1964. A orde executiva firmouna só despois das eleccións de 1962 e apenas tivo efecto. O proxecto de lei só o formulou tras a campaña en Birmingham de 1963, a causa da violencia que implicou: preocupáballe a imaxe que daban os disturbios raciais no estranxeiro e, sobre todo, a perda do poder brando como líder do «mundo libre», aspecto que quedou manchado coa cobertura televisiva da violencia policial. Xa que non quería perder o control da dinámica das protestas, aprobou os trámites para a preparación do proxecto de lei. Esta non foi recibida con entusiasmo, senón como unha concesión escasa e tardía (Patterson, 1997, pp. 468-481). Os tempos da actuación política e do movemento non eran os mesmos.

As expectativas da campaña electoral convertéranse en inquietude e frustración. Aínda así, a vitoria de Kennedy abriu a oportunidade dunha alianza entre o MDC e o Goberno dos EUA, un dos máis grandes aliados que un movemento social podía ter. O desencanto viuse cortado polo asasinato do Presidente. A perspectiva de perder as poucas concesións da administración Kennedy evitou que o movemento avanzase por un camiño de oposición ao Goberno. A isto tamén axudou o compromiso de Johnson cos dereitos civís tras o asasinato de JFK.

No seu primeiro discurso perante o Congreso como presidente, Johnson deixou claro que pretendía continuar e ampliar distintos proxectos da administración anterior, especialmente o proxecto de lei dos dereitos civís. Johnson levaba traballando pola mellora das condicións de vida das minorías raciais dende os inicios da súa carreira baixo a administración Roosevelt. Conseguiu aprobar o proxecto de lei a principios de febreiro de 1964 por 290 a 130 votos, que agora pasaba ao Senado, onde se requirían dous terzos a favor. Tivo o apoio de líderes sindicais liberais e do MDC (da SNCC, CORE e SCLC) e en tres meses conseguiu a aprobación da lei por 71 a 29. O presidente asinou a Lei de Dereitos Civís de 1964 o 2 de xullo (Patterson, 1997, pp. 524-525).

A lei prohibía a discriminación racial en establecementos privados abertos ao público (teatros, cines, restaurantes, gasolineiras e hoteis) e autorizaba o fiscal xeral a eliminar a segregación racial en escolas públicas, hospitais, parques infantís, bibliotecas, museos e outros lugares públicos. Establecía que as institucións asistidas polo Goberno federal perderían fondos de se negaren a rematar coa discriminación. O Goberno asumiría

os custos legais das demandas en nome dos pais que denunciase a discriminación nas escolas. No Título VII prohibía a discriminación no emprego por sexo, raza, cor, relixión e nacionalidade. Foi, pois, unha lei moito máis ampla e forte que a concibida por JFK (Greenblatt, 2000, p. 172).

Tanto negocios como sindicatos fixeron por evadir as restricións contra a discriminación laboral, e a discriminación racial seguiu sendo xeneralizada no Norte, especialmente nas áreas de vivenda e educación. Moitos distritos escolares no *Deep South* tamén continuaron evitando cumprir a desegregación na educación pública. A administración Johnson intentou facela cumprir, que requiriu dunha grande expansión do alcance do Estado federal. Co tempo a maioría das disposicións foron efectivas, o que resultou no derrubamento do sistema *Jim Crow* (Patterson, 1997, p. 546).

Aínda así, con esta lei quedaban sen resolver dúas cuestións fundamentais: a situación socioeconómica e o dereito ao voto. En moitos condados do *Deep South*, 90% ou máis dos negros non estaban rexistrados para votar. O MDC apremou coa organización da campaña de Selma. As marchas atoparon unha resistencia violenta por parte das autoridades (arrestos, golpes, electrochoques e mesmo disparos a queimarroupa), cun grande impacto na opinión pública. Despois do «Domingo Sanguento», Johnson dirixiuse o luns 15 de marzo de 1965 ao Capitolio para instar a unha nova lei de dereito ao voto, que se aprobou o 6 de agosto de 1965 (Patterson, 1997, p. 581).

Segundo esta lei, calquera estado ou condado con menos de 50% da súa poboación en idade de votar inscrita no censo electoral estaba obrigado a suspender todas as probas de alfabetización e outros dispositivos de rexistro discriminatorios. Agora o fiscal xeral podía asignar persoal federal como examinadores ou rexistradores para inscribir cidadáns en calquera deses condados ou distritos. Tampouco ningunha xurisdición que entrase nesa categoría podía realizar ningún cambio nas súas prácticas electorais sen autorización previa do Departamento de Xustiza ou do Tribunal Federal de Distrito en D. C. (Garrow, 2000, p. 183). En 1967 máis da metade dos negros en idade de votar podían facelo nos estados máis discriminatorios do Sur. Para 1968 xa había negros na delegación de Mississippi na Convención Nacional Demócrata. O aumento no rexistro foi tan notable que os políticos brancos do Sur comezaron a suavizar a súa retórica racista para captar parte do voto negro (Patterson, 1997, pp. 579-587).

Johnson tamén prometeu afrontar o problema económico dos afroamericanos, cuestión na que xa se implicara a escala federal ao poñer en marcha distintos programas xerais para combater a pobreza. Mais estes cambios non foron radicais nin estruturais —algo que si se podería argumentar respecto da supresión do sistema *Jim Crow*. Ademais, aínda que a cuestión dos dereitos raciais estivese consolidada na «axenda liberal» a mediados dos anos 60, as relacións entre os racistas e os negros empeoraron. Así, cinco días após a firma da lei que concedía o dereito ao voto, no barrio de Watts estalou unha revolta que canalizaba un acusado descontento social (75% dos homes negros adultos non tiñan emprego), cun amplo apoio (participaron cerca de 30 000 persoas e secundárona 60 000). O detonante foi a brutalidade policial. Á fin, morreron 34 persoas, máis de 1000 resultaron feridas (a maioría negros) e 4000 foron arrestadas (Patterson, 1997, pp. 586-588). Ocorreu, en efecto, o previsto por Tocqueville (1995, pp. 176-177): o intento do sistema de «corrixir os métodos» converteuse nun perigo para el mesmo.

As expectativas e unha nova conciencia identitaria entre os negros combináronse coa madurez do movemento, onde as disensións internas se agudizaron, o que incluía propostas máis radicalizadas. Despois destas dúas grandes vitorias empezou a complicarse a formulación de demandas concretas que permitisen unha mobilización e tivesen unha resposta institucional rápida. A persistencia (e agravamento) do racismo, as estratexias das administracións locais e rexionais para manter certo nivel de segregación e a dificultade da solución de problemas estruturais favoreceron unha retórica que cada vez vía menos oportunidades na loita pacífica e no sistema estadounidense.

3. AMEAZAS: RESISTENCIAS E CONTRAMOVIMENTO

As resistencias á organización, as accións e os logros do movemento non foron poucas, e moitas comezaron anos antes da aprobación das leis de Johnson. Unha das particularidades do MDC é que o Sur actuou con rapidez: autoridades e civís reaccionaron a calquera iniciativa (rexistro do voto, *freedom rides*, decisións xudiciais etc.) con presteza e contundencia. É máis: xa dende a aprobación en 1941 do *Fair Employment Practice Committee*, os estados do *Deep South* decatáranse de que a igualdade de oportunidades no emprego sentaba un precedente para unha futurible derruba do sistema de subordinación racial. A elite política do Sur comezou a asociar medidas de reforma

coa subversión, a desobediencia civil e incluso a «rebelión negra». Incluso os que se consideraban *liberais* na cuestión racial tiveron reservas ante a nova abordaxe do poder executivo (Clark, 1976, pp. 18-20). Quen viron ameazada a súa posición de superioridade detectaron dende datas moi temperás os cambios, o que explica a velocidade das respostas violentas contra accións máis illadas (como rexistrarse para o voto), mesmo antes de que o MDC tivese unha organización e forza considerables.

Tarrow distingue entre *represión*, cando exista coerción física dos descontentos, e *supresión*, para referirse ao control social da disidencia. Ambas as ideas están profundamente vinculadas, xa que a ameaza da *represión* funciona como control social para outros grupos que aínda non a sufriron. Máis ben, é unha división convencional e práctica para distinguir entre a violencia física e a que utiliza outras canles. Ao seu ver, é máis probable que os movementos que esixen cambios fundamentais e ameazan as elites sufran *supresión* (Tarrow, 2020, pp. 295-296). Ao non definir os «cambios fundamentais», porén, non podemos asegurar que a fin da segregación sexa un (mais é probable que si). Por outra banda, a ameaza ás elites por parte do movemento é controvertida. En termos xerais diríase que non: o obxectivo do movemento non era rematar coas elites, senón integrarse. Emporiso, algunhas si se sentiron ameazadas, sobre todo nos estados do Sur onde a maioría da poboación era negra; temían que co exercicio do dereito ao voto dos negros xurdisen outras elites gobernantes. Nun sentido máis amplo, Charles Tilly definiu a represión como «calquera acción doutro grupo que eleva os custos da acción colectiva do contendente» (1978, p. 100). Se seguimos a distinción de Tarrow, o MDC sufriu represión e supresión: a primeira non foi institucional, mentres que a segunda, si.

Durante as décadas de 1950 e 1960 cada axente represivo ou supresor mantivo en xeral un mesmo repertorio de resposta (véxase Apéndice, táboa 1) con diferenzas nas intensidades. O Goberno e o FBI realizaron espionaxes, ignoraron peticións de axuda (para a protección de manifestacións, por exemplo), negociaron con forzas contrarias ao movemento (coma certos políticos dos estados do Sur) e enviaron tropas para reducir estalidos violentos (caso da revolta de Watts)²⁰. As administracións dos estados federados optaron por unha dobre vía: 1) a construción dunha legalidade que permitise manter un

²⁰ Respecto do *Black Panther Party*, o FBI si que empregou recursos mortíferos de maneira sistemática.

sistema desegregado a pesar das resolucións do TS, e 2) o apoio aos grupos violentos non-estatais (ao permitir a violencia física ou ao evitar a súa condena xudicial). O principal axente na coerción física foron os grupos de civís máis ou menos organizados. Asasinaron, golpearon, intimidaron e prenderon lume a edificios coa intención de causar medo e marcar a súa superioridade, resistindo a calquera muda ou intención de cambio.

A pesar da división que presentamos, os tres axentes estiveron presentes en numerosas ocasións, caso dos incidentes que sufriron os activistas que participaron nas *freedom rides* de principios dos anos 60. Eles anticiparan unha reacción violenta por parte dos brancos do Sur, polo que contactaron co fiscal xeral Robert F. Kennedy —quen negou recibir ningunha información, coma dixo John Edgar Hoover, director do FBI. En efecto, sufriron distintas agresións (golpes, picadas nas rodas, obxectos incendiarios etc.). En Birmingham o KKK chegara a un acordo co comisionado de seguridade pública, Eugene «Bull» Connor, polo que dispoñía de quince minutos para atacar os manifestantes antes de que a policía interviñese. Un informante comunicoullo a Hoover, mais non houbo protección federal. O KKK atacou con bates de béisbol e cadeas de bicicletas. Despois deste episodio, os activistas do bus interromperon a viaxe e volveron a Nova Orleáns. Con todo, a violencia non entumeceu a acción colectiva. Os traballadores do SNCC de Nashville embarcáronse noutra *freedom ride* por Alabama e Mississippi, onde tamén foron atacados e condenados por violar a orde pública. Só en Jackson (MS) foron arrestados 328 activistas ao final do verán de 1961 (Patterson, 1997, pp. 469-470).

3.1. GOBERNO E FBI

Na busca de manter un prestixio internacional como democracia punteira, o Goberno nunca se situou abertamente en contra do movemento ou as súas demandas. Ao mesmo tempo, o Estado federal seguía inmerso no debate posterior a Roosevelt sobre a súa capacidade de intervención. Os demócratas movéronse entre a división do partido (os *dixiecrats* fronte aos *liberals*) e a vantaxe que precisaban do voto negro. As relacións entre Goberno e movemento non foron en absoluto estáticas, senón que dependeron da conxuntura así como dos actores.

Durante as administracións Kennedy e Johnson, o FBI espíou os activistas do MDC. O director do FBI, Hoover, tiña especial aversión por King e estaba convencido de que o

MDC estaba controlado por comunistas²¹. A principios de 1962 Robert F. Kennedy autorizou unha escoita no teléfono de Stanley Levison (un dos asesores de King), e en outubro nos de King en Atlanta e Nova York. Hoover non sempre respondeu ás peticións dos activistas de envío de protección federal para as protestas pacíficas, algo que endurecía as relacións entre o movemento e o Goberno de Kennedy²² (Patterson, 1997).

A desclasificación dos «COINTELPRO Papers», documentos confidenciais do FBI onde se dá a coñecer o funcionamento da policía política dos EUA, permite observar o uso secreto e sistemático da forza e a fraude en todos os niveis do Estado, con accións encubertas de infiltración, guerra psicolóxica, acoso legal e violencia contra disidentes estadounidenses, incluído o MDC (Glick, 1990, pp. x-xi).

En setembro de 1957 o supervisor do FBI, J. G. Kelly, envioulles un recorte de periódico aos axentes locais de Atlanta (onde estaba a sede do SCLC). Nel informábaos de que o MDC era «un obxectivo probable para a infiltración comunista», polo que se debían manter informados. Daquela a oficina de Atlanta abriu unha investigación do SCLC. As operacións de contraintelixencia verbo de King e o SCLC comezaron a principios de 1962, cando Hoover informou a Robert Kennedy de que King tiña relacións directas con «comunistas» (algo que non puideron confirmar). Empezaron entón as escoitas e a difusión de novas que vinculaban a organización con supostos comunistas²³. Nun dos informes sinalábase que o MDC representaba unha clara ameaza para a «orde establecida» (Churchill e Vander, 1990, pp. 91-95). Tras a marcha sobre Washington de 1963, Sullivan escribiu: «Debemos marcar a [King] agora, se non o fixemos antes, como

²¹ Nun intercambio entre Hoover e William C. Sullivan, xefe da COINTELPRO, este último compara en carta de 30 de agosto de 1963 a Fidel Castro e King: «Estabamos completamente equivocados ao crer que a evidencia non era suficiente para determinar que Fidel Castro non era comunista ou non estaba baixo influencia comunista hai uns anos. Ao investigar e escribir sobre o comunismo e o Negro Americano, faremos mellor en recordar isto e aproveitar a lección que nos ensina» (FBI, 2010, pp. 116-117).

²² A razón máis obvia de por que o Goberno permitiu isto é que o propio Hoover tiña información sobre os irmáns Kennedy, como a relación de John con Judith Campbell, quen mantiña asemade outra con Sam Giancana, gánster que traballaba coa CIA para asasinar a Fidel Castro (Patterson, 1997, p. 476).

²³ Para substituír a King por outro líder máis «acceptable», a contraintelixencia do FBI centrou os seus esforzos en desacreditalo ao dar á prensa información sobre as súas presuntas influencias comunistas e as súas tendencias sexuais. Cando se anunciou que recibiría o Premio Nobel da Paz, Sullivan mandou elaborar unha fita con cortes de escoitas de teléfono e micrófonos, onde se recollían varios encontros sexuais extramatrimoniais de King, para enviarlla cunha carta que o advertía de que compartirían esta información cos medios se non se suicidaba antes de recoller o premio (Churchill e Vander, 1990, pp. 97-102).

o negro máis perigoso no futuro desta nación dende o punto de vista da cuestión comunista, do Negro e da seguridade nacional» (Churchill e Vander, 1990, pp. 96-97).

Segundo os arquivos do FBI, por causas indeterminadas, Robert Kennedy reverteu a súa decisión sobre a espionaxe. Desde entón o FBI poría en marcha un programa de contraintelixencia ilegal dirixido a desacreditar e neutralizar a King (FBI, 2010, pp. 114-115).

De acordo con Churchill e Vander (1990, p. 106), o Goberno de Johnson impulsou programas simbólicos para transmitir unha «impresión superficial de progreso» aos negros descontentos, xestos que non cambiaban as relacións sociais fundamentais. A porcentaxe de convencemento ou de estratexema nas decisións de LBJ non é posible coñecela, pero as medidas do seu Goberno non semellaron suficientes para gran parte dos afroamericanos. Ao mesmo tempo, era maior a preocupación polas organizacións e a súa capacidade de mobilización que polas revoltas espontáneas e descoordinadas. Así pois, o FBI centrouse en minar os líderes e recoller información na busca dunha «conspiración por parte de calquera grupo de calquera tamaño, eficacia ou afiliación para planificar, promover ou agravar os disturbios» (Churchill e Vander, 1990, p. 106).

Para 1968 a operación de contraintelixencia xa tiña presenza en todo o país. Esforzábase por bloquear as alianzas entre organizacións políticas negras e por desacreditar os líderes dentro das súas comunidades, co obxectivo de «prever o crecemento a longo prazo de organizacións nacionalistas negras militantes²⁴, especialmente entre a xente nova» (Churchill e Vander, 1990, p. 109), conscientes de que era nesta onde existía maior potencial para a acción directa. Sabedores de que o verán era o momento de maior actividade do movemento, desenvolveron operacións nas que arrestaban membros dunha organización por todos os cargos posibles, de forma que non puidesen pagar a fianza e que así pasasen a maior parte da estación no cárcere, aínda sen intención de levalos a xuízo. En Albany configurouse unha campaña máis sofisticada: crearon un documental para a televisión sobre o movemento de liberación negra e a Nova Esquerda na zona de Miami, editado para mostrar declaracións descontextualizadas, de

²⁴ O FBI buscou provocar disputas entre faccións do BPP e pagou a persoas para que provocasen conflitos violentos entre os líderes do partido e contra os doutras organizacións. Os axentes infiltrados animaron a detonar explosivos en edificios públicos e a actuar violentamente contra supostos informantes, o que minou a confianza dentro do grupo e tamén por parte da comunidade (Bloom e Martin, 2013, p. 6).

sorte que os membros do movemento parecen defender a violencia activa (e non defensiva), con determinados ángulos de cámara para suxestionar os espectadores e indignar o público (Churchill e Vander, 1990, pp. 110-123).

Os documentos do FBI mostran 1) a existencia de operacións cuxo principal obxectivo era desarticular o MDC, 2) o uso dos recursos dun corpo do Estado de forma ilegal, 3) o convencemento das forzas de seguridade de que había unha influencia comunista nos movementos sociais estadounidenses e 4) o coñecemento das tácticas, estratexias e recursos dos que dispoñía o MDC (unha información fundamental para preparar a súa descomposición).

3.2. OS ESTADOS FEDERADOS

O temor á propagación e infiltración do comunismo volveu emerxer nos EUA a finais dos anos 40. No Sur asociáronse dende entón as vitorias e demandas polos dereitos civís co comunismo, e as súas organizacións víanse como células subversivas que incitaban á rebelión dos negros. Os principais promotores destas ideas foron os líderes políticos e empresariais. Argumentaban que as medidas de Truman en cuestión racial (desegregación das Forzas Armadas) dividían os estadounidenses nun momento crucial para o país como era a loita mundial contra o comunismo. O debate sobre o alcance do poder federal, aguzado coa aplicación do *New Deal*, tamén ocupou espazo: segundo as elites do Sur, as leis contra a segregación restaban independencia aos estados federados, a favor dunha centralización do poder que vinculaban ao comunismo (Clark, 1976).

Tras *Brown*, estes políticos e os *White Citizens' Councils* (WCC)²⁵ insistiron en que ceder á integración era ceder ante unha conspiración subversiva. Avivaron a propaganda racista e denunciaron a educación desegregada, o que resultou na creación dun clima de medo, desconfianza e violencia (Clark, 1976). Pero a decisión do TS xa a anticiparan os estados do Sur. Os xestores das cidades utilizaron todos os recursos á súa disposición: os

²⁵ Organización defensora do segregacionismo e a supremacía branca. A filial de Alabama definía o seu traballo en 1955 como «dedicado a manter a segregación, a paz, a orde, a tranquilidade doméstica e a preservación dos dereitos dos nosos Estados por medios pacíficos e legais» (FBI, 2016, p. 2); é dicir, evitar a mobilización a prol dos dereitos civís. Segundo Reed, «o racismo refinado e de clase media dos empresarios dos *White Citizens' Councils* foi tan crucial coma o terrorismo do Klan para bloquear a liberdade dos negros e o consello adoito utilizou o Klan para facer o traballo sucio» (2005, p. 6).

vinculados ao control da construción de escolas, a administración educativa e a asistencia dos alumnos, e mais a planificación e renovación urbanas (White, 2000, p. 71).

Após 1955 configuraron a doutrina da «interposición», que consistía interpoñer a autoridade dos estados ás decisións do Estado federal para protexeren os seus cidadáns das medidas inxustas do Goberno. Os oito estados do *Deep South* aprobaron resolucións formais de interposición e leis deseñadas para que as forzas policiais puidesen obrigar á segregación escolar, en parques e en patios, a fin de retrasar o proceso de desegregación mediante esta nova capa lexislativa²⁶. Os líderes políticos dos estados foron os principais representantes desta retórica, pero os protagonistas na aplicación destas medidas foron os funcionarios escolares locais; eran eles quen posuían as competencias máis directas, que lles permitían controlar a composición racial das aulas. Unha das manobras que utilizaron para non cumprir con *Brown* foi o peche das escolas públicas. Aprobaron bolsas e axudas para que os estudantes brancos puidesen asistir a clase en colexios privados onde só admitían brancos, de forma que houbo nenos negros que non puideron asistir á escola durante varios anos. A reurbanización, que consistiu en crear barrios racialmente diferenciados, conseguiu que a composición racial das escolas fose uniforme pese aos ditames do TS. Derrubáronse áreas onde convivían ambas as razas, movéronse escolas e incluso se construíron estradas interestatais para dividir barrios. Conseguiuse illar (segregar) a poboación negra e evitar a detestada integración (White, 2000, pp. 72-76).

Xa dende os anos 40 os axentes inmobiliarios practicaron nas cidades do Norte o *blockbusting*: convencer os propietarios brancos de que vendesen as súas casas a un prezo baixo, ao asustalos cunha inminente caída pola chegada de negros —aseguraban que traerían violencia, prostitución, drogas e xogos ilegais—, para logo revendérenas a un valor superior do mercado aos negros que as precisasen (Kendi, 2016, p. 357). Deste xeito, na posguerra foise perfilando unha segregación por barrios entre os suburbios de clase media branca e os guetos, onde a maioría dos habitantes eran negros. Porén, houbo

²⁶ A longo prazo, os tribunais, que demostraron ser vitais para a busca da igualdade legal nos anos 60, interviñeron para poñer fin a artimañas como estas. Pero foi un camiño moi longo que só se acelerou dende 1969. En 1962 aínda non había nenos negros nas escolas con brancos en Mississippi, Carolina do Sur nin Alabama. En 1964 menos do 2% dos negros asistían a escolas multirraciais nos 11 estados da antiga Confederación. Moitos colexios e universidades do Sur excluíron os negros até os anos 60. Permitíronlles traballar en escolas brancas ou non-segregadas a moi poucos mestres negros. Onde permaneceron os sistemas duais persistiron grandes disparidades na financiación e outros recursos (Patterson, 1997, p. 398).

brancos que non puideron permitirse a mudanza e que rexeitaban a chegada dos negros, o que deu lugar a numerosos conflitos. Durante a década de 1950 tomaron medidas de planificación urbanística para manter unha segregación *de facto*. Políticos e empresarios coordináronse para evitar que os distritos dos centros das cidades (os financeiros) quedasen rodeados por barrios de migrantes negros que chegaban do Sur. Declararon as veciñanzas negras do centro como tugurios e, utilizando fondos federais para a renovación urbana, derrubáronas e construíron no seu lugar edificios comerciais ou vivendas que os habitantes negros non podían permitirse. Os desprazados tiveron que vivir en barrios de condicións pésimas. Tamén se acometeron proxectos de vivenda pública para negros en áreas onde xa existía unha alta concentración de afroamericanos. Os que quixeron evitar o plan atoparon unha oposición frontal por parte dos propietarios brancos, en ocasións violenta. A situación económica familiar xa afectaba aos recursos que tiñan os nenos para desenvolverse durante a súa carreira educativa, e o pobre financiamento das escolas públicas onde acudían os cativos negros afondou na desigualdade económica e contribuíu a perpetuala (Patterson, 1997, pp. 383-384).

Os estalidos de violencia dos brancos que se iniciaran en resposta a *Brown* estendéronse por todo o Sur entre 1955 e 1956. Ameazaron e lincharon persoas negras que se dispuxeron a asistir a centros educativos desegregados. A resposta das autoridades estatais e locais foi diversa. En ocasións mandaron patrullas para restablecer a orde e frear a violencia, pero non sempre condenaron os responsables nin fixeron grande esforzo por desactivar os grupos que a instigaban (o KKK ou os WCC). Isto non era unha novidade, como tampouco os linchamentos a negros «criminais» que remataban en asasinatos impunes (Patterson, 1997, pp. 395-397). Os racistas percibiron que os negros estaban a realizar agora unha maior transgresión, polo que o lóxico para eles foi intensificar a violencia —isto tamén explica o rancor contra o Estado federal que apoiaba eses «criminais». A falta de condenas contundentes (ou mesmo de condenas) polos tribunais dos estados permitiu que quen utilizaba a violencia contra os negros e, sobre todo, contra os que querían rematar coa segregación (o MDC) percibisen o apoio das autoridades. Nalgúns casos, persoal da policía ou das administracións locais e estatais participaron en organizacións que alentaban a violencia, aínda que non como representantes da lei.

3.3. A VIOLENCIA DE GRUPOS

Na historia do movemento polos dereitos civís, a principal violencia física foi a exercida polas forzas policiais dos estados do Sur e polos supremacistas ou segregacionistas brancos dende fóra do Estado e das Forzas Armadas. Neste apartado centrarémonos nos segundos. Como sinala Tarrow (2020, p. 295), «algúns axentes *non*-estatais tamén posúen recursos para reprimir a disidencia». Charles Tilly (2003) estableceu seis categorías de violencia colectiva segundo o grao de coordinación dos seus axentes e o dano infrinxido a curto prazo. Os grupos civís que atacaron o MDC encaixan en cinco: 1) as pelexas —violencia en encontros «casuais»—, 2) o oportunismo, 3) os asaltos dispersos, 4) a destrución coordinada e 5) os rituais violentos. Quedarían fóra a ruptura de negociacións cos opoñentes, xa que nunca houbo. Algunhas destas formas de violencia colectiva superpóñense (Tarrow, 2020, p. 190); por exemplo, o KKK provocou incendios en edificios de líderes ou onde se reunía o movemento —adoito igrexas negras— (destrución coordinada) e realizou queimas de cruces (ritual violento).

Segundo Tarrow, os contramovements²⁷ son unha reacción frecuente ao inicio da acción colectiva (2020, pp. 352-353). Aínda que o Klan xa comezara as súas actividades e os linchamentos aos negros eran comúns no Sur dende inicios do século XX, reforzáronse tras a sentenza de *Brown*; os antagonistas responden ante a ameaza que para os seus intereses supoñen os triunfos dos iniciadores da revolta. De feito, entre 1961 e inicios de 1963 as actividades do contramovemento chegaron a superar as do movemento —sen unha diferenza significativa, como si nos veráns de 1963-65 (véxase Apéndice, gráfica 2).

O KKK, a organización non-estatal que máis accións violentas coordinadas realizou contra o MDC, tiña un número considerablemente menor de membros que os *White Citizens' Councils*, pero a maioría dos brancos do Sur compartían os seus principios: a supremacía da raza branca e o vínculo entre o comunismo e a integración racial, que derivaban nunha catástrofe para modo de vida correcto ou bo (Clark, 1976, p. 87)²⁸.

²⁷ Aceptamos os argumentos de McAdam e Kloos para cualificar a «reacción branca» (década de 1960) como «movemento» ou «contramovemento»: foi un esforzo sostido para resistir o cambio social e dependeu, ao menos en parte, de formas non-institucionalizadas de acción colectiva (2014, p. 107).

²⁸ Idea e non realidade, xa que a pobreza no Sur tamén afectaba a brancos que pouco se beneficiarían en termos estruturais da subordinación do negro.

A organización expandiuse durante os anos 50. Como medios de intimidación violenta realizaron cabalgatas nocturnas, queimas de cruces, linchamentos e mesmo asaltos a persoas relacionadas coa desegregación. Non só se declaraban inimigos de calquera mellora da vida dos negros, senón que tamén se opoñían a católicos, xudeus, estranxeiros e persoas que diverxesen no seu comportamento afectivo-sexual da liña heteropatriarcal. A maioría dos membros do KKK pertencían ás clases máis baixas da sociedade branca, en ocasións tan pobres coma os negros (Patterson, 1997, p. 397). Pódese argumentar que a aversión racista dos brancos pobres canalizaba moitas das frustracións derivadas da situación económica, e desvíabaa doutros obxectivos, coma os empresarios ou políticos.

Mentres que os WCC construían unha fachada de respectabilidade na loita contra a desegregación e deploraban a violencia en público, adoito utilizaron o KKK para realizar o «traballo sucio» (Reed, 2005, p. 6). Así, a retórica formal dun grupo de clase media e empresarios combinábase coa violencia do Klan para deter as mobilizacións e concesións que se estaban a facer en materia de dereitos civís durante as décadas de 1950 e 1960.

Tamén houbo violencia no Norte, cun repertorio violento variado: lanzaron pedras, provocaron incendios, reuniron turbas para desalojar familias, queimaron cruces e incluso puxeron bombas (Patterson, 1997, pp. 29-30, 385). Mais moitos destes ataques eran en xeral contra a poboación negra que chegaba dende o Sur, sen necesidade de que o MDC realizase ningunha acción. Polo xeral, as estratexias do Norte contra o movemento foron máis sutís ou institucionalizadas, aínda que tamén se contan exemplos en que se replicou con violencia a manifestacións (McAdam e Kloos, 2014, pp. 107-108).

Os custos foron altos e a resistencia organizada e dende distintas fronteas, pero o movemento continuou. A capacidade de denunciar esta violencia e a posibilidade de que, ao conmocionar a opinión pública nacional e internacional, ao Goberno lle afectase a perda de reputación diminuíron os custos da acción colectiva, e o movemento incluso instrumentalizou algunha das ameazas. Cando a represión se ve limitada por presións internacionais ou internas, o máis probable é que o movemento atraia seguidores á vez que se radicaliza nos seus obxectivos e nas súas accións (Tarrow, 2020, p. 359). Como vimos (apartado 1), a doutrina da non-violencia foi posta en dúbida porque non permitía unha defensa eficaz fronte aos ataques físicos. Neste sentido, o movemento volveuse máis «radical», pero non queda clara a causalidade entre o escaso apoio do Goberno federal a

estas accións e o rexeitamento da táctica pacifista. Si é máis claro que a resposta ás ameazas anima a unha maior mobilización, así como a aparición de novos aliados.

4. PERDA DE FORZA E DESMOBILIZACIÓN (1965-1970)

Non resulta doado marcar o inicio do proceso de desmobilización do MDC ou da súa fin. Sen dúbida, 1968 é unha data clave: foi asasinado MLK (para entón a figura máis representativa do movemento) e gañou as eleccións Nixon. McAdam (1982, pp. 181-183) apunta que a inflexión ten lugar entre 1965 e 1966, cando decaen de xeito significativo as accións do movemento preparadas por organizacións (véxase Apéndice, gráfica 3). Na segunda metade dos anos 60 acentuáronse a *radicalización* e a *institucionalización*. Estes son dous dos mecanismos de desmobilización que Tarrow illa xunto á *represión*, a *facilitación* e o *esgotamento* (2020, p. 327). É posible identificar os cinco no proceso de desmobilización que sofre o MDC, aínda que a represión e facilitación se combinaron dende os inicios do movemento (apartados 2 e 3).

Hai unha particularidade do MDC no seu proceso de institucionalización da acción colectiva. Para Tarrow, as pautas que se seguen nestes procesos son as seguintes: 1) esvaécese a excitación da fase *disruptiva*, 2) a policía aprende como controlar a protesta e 3) os movementos institucionalizan as súas tácticas e intentar obter beneficios concretos mediante as negociacións e os compromisos. A finais dos anos 60, cos asasinatos de MLK e outros líderes mais a absorción de reivindicacións do movemento pola política institucional (principalmente o PD), o declive da axitación foi claro. A policía e outros corpos represivos do Estado coñecían ben o repertorio de protesta e as intencións das accións colectivas do movemento; o FBI participou activamente no desmantelamento de organizacións coma o *Black Panther Party*²⁹ e vixiaba os líderes doutros grupos. Mais no MDC a terceira fase de institucionalización, a da negociación, deuse dende inicios do movemento. A liña da NAACP, a máis antiga do movemento, sempre intentou traballar dende os tribunais, máis dende as peticións que dende a confrontación. Por outra banda,

²⁹ O *Black Panther Party* fundouse en 1966, nun punto álxido dentro do ciclo de protesta. Diferenciáronse do MDC en que non buscaban integrarse no sistema estadounidense, senón que rexeitaban a súa lexitimidade. Esta organización interaccionou co MDC, e membros de ambos puideron participar en accións conxuntas, mais non a incluímos como parte del, tampouco as súas accións (Bloom e Martin, 2013).

existiron negociacións tanto para a organización de protestas como para as concesións legais coas administracións Kennedy e Johnson (peticións para protección federal en marchas, negociacións sobre datas e lugares de protesta etc.). Nun movemento relativamente pacífico e organizado, as negociacións e os compromisos formaron parte da estratexia para a obtención de dereitos; combináronse a confrontación e a cooperación.

Falar da desmobilización non significa que a poboación negra abandonase as protestas. Debemos admitir a complexidade de distinguir un movemento amplo, como foi o MDC, de grupos diverxentes externos e, aínda máis, de accións puntuais e desorganizadas. Nelas puideron participar as mesmas persoas que anos atrás foran voluntarias dunha *freedom ride* ou que marcharan en Washington ou Selma. A liña, pois, establecémola conforme dous criterios: 1) a falta de organización —sen mobilización dunha rede de contactos e apoios, preparación por parte das organizacións do movemento nin unha estratexia— e 2) o rexeitamento da postura integradora. Deste xeito, non incluímos os disturbios nin os estalidos violentos como accións do MDC, aínda que si é preciso consideralos para comprender os cambios no movemento e na súa relación coas autoridades. Só entre 1966 e 1968 súmanse 290 estalidos violentos, cun reconto de 169 mortos, 7000 feridos e 40 000 arrestos (Downes, 1970, p. 352). Unha muda nas tácticas —iniciar accións violentas fronte á anterior «provocación» para que a exercesen outros— recibiu unha nova resposta do Goberno federal e outras autoridades, máis represiva (McAdam, 1982, pp. 216-217).

A partir da segunda metade da década de 1960, a postura integradora do MDC perde capacidade mobilizadora. Hai varios factores que se combinan e que están vinculados cos procesos que enumera Tarrow, que axustaremos para este caso.

En primeiro lugar, as persoas negras que mantiveron as ideas máis «clásicas» do MDC conseguiran dúas vitorias fundamentais en 1964 e 1965 mais perderan un aliado poderoso (a presidencia dun demócrata) e ao seu maior representante, King, en 1968. Esta postura foi a que mantiveron a NAACP e o SCLC. Porén, o CORE e o SNCC mostráronse cada vez máis achegados ao *Black Power*, que rexeitaba a integración e aprobaba o uso da violencia na protesta (McAdam, 1982, p. 184). Con frecuencia, as divisións entre radicais e moderados materialízanse nun conflito sobre a violencia. Cando os moderados institucionalizan as súas tácticas para conseguir un apoio máis amplo, os seus

competidores radicais utilizan tácticas de enfrontamento para conseguir o apoio dos militantes e evitar as recaídas (Tarrow, 2020, p. 357).

Mentres que se lograron importantes obxectivos seguiu sufriendo *represión* ou *supresión*. Ao mesmo tempo, os fondos problemas que afectaban o groso da poboación negra (como a pobreza e a persistencia dunha ideoloxía racista) superaban as capacidades do sistema estadounidense. Moitos negros non vían ningunha saída para solucionar os agravios que pasase pola colaboración coas autoridades. Isto é un factor importante para reducir a mobilización: os custos comezaban a superar as oportunidades percibidas. Esta situación favoreceu a radicalización, impulsada tamén porque líderes do movemento se integraban no aparato político estadounidense. Estes últimos, na busca de acordos co poder, moderaron os seus obxectivos e institucionalizaron as demandas. Se para as faccións que se radicalizaran a loita maioritaria até daquela (non-violenta e pola integración) xa non era suficiente, menos o sería formar parte dun sistema que perpetuaba a pobreza e a discriminación³⁰. Con todo, as divisións sobre os métodos xa existiran dentro do MDC dende finais dos anos 50, e as distintas organizacións competiron pola publicidade e recursos para manter as súas campañas e a súa relevancia dentro do movemento. O elemento de unión, como argumenta McAdam (1982, p. 188), fora o consenso respecto das metas, que permitiu unha «cooperación ampla». Para moitas das campañas realizáranse esforzos coordinados. Agora esvaecíanse.

O SCLC perdeu a maioría da súa capacidade de acción coa morte de King. Isto favoreceu, por outra banda, que os activistas que buscaban participar en protestas formasen parte do *Black Power*, xa que o SNCC e o CORE se atopaban en claro declive e a NAACP seguía a súa liña tradicional do litixio. Así, tras 1968 máis da metade das accións de protesta foron emprendidas por outros grupos, a maioría de recente creación (McAdam, 1982, pp. 184-185). Ao mesmo tempo, estas accións non conseguían o apoio do Goberno federal nin do público polo seu cambio de estratexia respecto do uso da

³⁰ Dentro dos grupos radicais proliferou a idea da separación racial, de que a integración nunca sería posible. Segundo William Wilson (1973, p. 200), é máis probable que isto ocorra cando as loitas parecen desesperadas e hai un sentimento de desilusión e frustración entre os activistas tras un período de grandes expectativas. En efecto, esta era a situación de finais da década de 1960. John Howard (1974, p. 13) engade que as novas reivindicacións xurdiron porque o propio MDC creara unha conciencia dos problemas raciais, que eran máis dos formulados nun principio. McAdam (1982, p. 207) sinala que as novas tendencias son unha resposta ao fracaso do Goberno federal en defender na práctica o que apoiaba de xeito simbólico.

violencia. As disensións internas eran claras e levaban tempo custándolles recursos ás organizacións e os activistas. A finais dos anos 60 quedaban tres ás: a da institucionalización (non mobilizadora), a «clásica» (que percibía maiores riscos ca oportunidades) e a máis vinculada ou xa parte do *Black Power* (con capacidade mobilizadora pero sen conseguir resultados, senón que máis ben só colleitaba respostas represivas, o que non auguraba a posibilidade de sosterse no tempo).

En segundo lugar, a mediados do decenio o movemento concentrara máis esforzos no Norte do país, onde colleitou máis fracasos en termos de organización e mobilización ca no Sur, a pesar dos seus intentos por adaptarse ás demandas destoutro medio (McAdam, 1982, p. 191). No Norte non funcionou o repertorio de protesta do Sur. Era máis sinxelo forzar a desegregación dun local que rematar coa pobreza dos guetos mediante unha sentada. Ademais, as marchas podían incluso paralizar pequenas cidades meridionais, mentres que nas grandes cidades do Norte non era posible, ao ser capaces as autoridades de neutralizalas (Colaico, 1986, pp. 27-28).

En terceiro lugar, e ligado aos dous anteriores puntos, dende a vitoria de Johnson en 1964 o voto negro deixou de ser rendible en termos electorais. Gran parte do electorado que lles dera as vitorias aos demócratas en 1960 e 1964 votou republicano en 1966 (medio termo) e 1968 (presidencial): 40% dos que votaron a Nixon en 1968 votaran a Johnson en 1964, e só 35% do electorado branco votou a Humphrey (fronte ao 97% negro) (Converse *et al.*, 1969, pp. 1084-1085). Os brancos das zonas industriais do Norte que votaran demócrata con Roosevelt apoiaron entón a Nixon, quen semellaba disposto a rematar coas insurreccións urbanas e a non ceder a ningunha demanda máis da comunidade negra (McAdam, 1982, p. 193). Deste xeito, captar voto negro implicaba perder voto branco, non só o dos supremacistas brancos suristas, senón agora tamén no Norte, oportunidade que aproveitaron os republicanos coa retórica da «lei e orde». A pesar da vitoria da Lei do Dereito ao Voto, que para os anos finais da década comezaba a dar os seus froitos, perderon poder político. Na vitoria de Nixon tamén influíu a situación da guerra de Vietnam, pero que lograra gañar aínda competindo con outro candidato conservador e partidario a segregación (George Wallace, con 13% dos votos) mostroulle ao PR a vía para obter maiorías (McAdam, 1982, p. 196), que pasaba por asociar o PD coas demandas duns negros rebeldes e molestos que o PR «ataría curto».

Un cuarto factor foi a aparición doutros focos de conflito, interese e reivindicación. En parte, isto foi causa dos éxitos do MDC, que lles amosou a outros grupos a posibilidade de organizarse, actuar, ter aliados, enfrontarse aos seus opoñentes e conseguir parte dos seus obxectivos. Durante a segunda metade dos anos 60 aumentou o número de organizacións e activistas en materia ambiental, feminista, antiimperialista e, sobre todo, fronte á guerra de Vietnam (Tarrow, 2020; Patterson, 1997). A guerra³¹, a brutalidade policial e a pobreza eran cuestións inseparables da situación dos negros nos EUA, pero que apelaban ademais a grupos máis amplos e heteroxéneos, de forma que as reivindicacións e loitas relacionadas con estes xa non só se vinculaban á cuestión racial. Nunha enquisa de 1965, 52% dos participantes afirmaban que o maior problema do país era o referido ás relacións raciais, mentres que só 7% responderon do mesmo xeito en 1971. Para 1973 a crise do petróleo, a inflación derivada e o caso Watergate sumáronse á lista de preocupacións estadounidenses (McAdam, 1982, pp. 197). O movemento perdeu repercusión nos medios e cando a obtiña adoito era por estalidos de violencia nos guetos, o que diminuíu o apoio da opinión pública e, derivado disto, o peso político.

Por último, destaca o éxito das estratexias dos adversarios do movemento. O Norte blindou o seu sistema de segregación *de facto* con barrios etnicamente homoxéneos nas cidades. A segregación por barrios foi fundamental na situación da comunidade negra porque dificultaba o acceso a unha educación, sanidade (escolas e centros de saúde peor financiados) e incluso hixiene. Por estas carencias era aínda máis difícil conseguir traballos que lles permitisen mudarse a outros barrios. A pobreza complicaba dedicar recursos ao movemento, así como manter redes sólidas (que requiren tempo, contactos e paciencia). O Sur aplicou estas novas estratexias e, sobre todo a partir dos primeiros disturbios, conseguiu que o discurso que vinculaba o Negro co perigo mantivese o seu ascendente, que cambaleara coas demostracións pacíficas impulsadas polo MDC.

A causa destas novas estratexias, sumadas ás concesións do Goberno federal, ao movemento resultoulle cada vez máis difícil expoñer de forma gráfica a violencia racista. Aínda que as imaxes dos guetos describían ben a situación, os racistas podían argumentar

³¹ Unha das principais denuncias de finais dos anos 60 e principios dos 70 foi a desproporción de soldados negros enviados a Vietnam e a discriminación que sufrían no Exército (Patterson, 1997, p. 654). Isto tiña relación directa coa pobreza, xa que ao non poderen asistir ás universidades tampouco podían aprazar a súa incorporación a filas.

que iso era responsabilidade dos propios negros, seres inferiores incapaces de prosperar. Tampouco resultaban esperanzadoras: a loita contra a pobreza é difícil, canto máis sen formular un cambio no sistema económico estadounidense. Se ben a denuncia era sinxela, non o era a solución. A isto sumouse a volatilidade das actuacións, a fragmentación das reivindicacións e o auspicio e constatación da perda de poder político da comunidade negra, que redundaron nun sentimento de frustración e impotencia (McAdam, 1982, p. 201), en contraste con aquel de esperanza na posibilidade da vitoria que iniciara o movemento. Os recursos e os aliados eran menos, o movemento perdía capacidade organizativa, emerxían os sectores radicalizados, os custos das revoltas eran cada vez maiores e as vitorias máis «sinxelas» xa se conseguiran. O panorama favorecía a desmobilización e foi ese o proceso que sufriu o movemento polos dereitos civís a finais dos anos 60 e principios dos 70, cando a pobreza afectou de xeito máis forte cos recortes nos programas federais.

CONCLUSIONES

Tras a súa aplicación, podemos ponderar a utilidade da teoría da acción colectiva para o estudo histórico. Proporciona un esquema de análise distinto, que permite unha concreción terminolóxica e que facilita a investigación de cuestións máis concretas. O noso foi un estudo xeral, pero no que asoman determinados puntos de grande interese para comprender o movemento: as relacións entre cada estado co movemento (coa especial diferenza Norte-Sur), o uso da violencia ou a súa provocación por parte do movemento, os obxectivos e métodos do FBI para a espionaxe e o control ou incluso os vínculos do movemento con outros dos EUA. Este enfoque teórico tamén axuda a marcar os termos de comparanza: se se están a comparar dous movementos sociais, que é o que se considera? As organizacións? A relación co Estado ou as autoridades? Os repertorios de protesta? Tarrow deixa aberta a porta para a análise das interaccións dentro do ciclo de mobilización, é dicir, dos acontecementos, dos comportamentos de cada axente que participa no ciclo —«a dinámica do ciclo é o resultado da súa interacción» (2020, p. 345)—, unha característica fundamental da teoría da acción colectiva. Deste xeito amplíase o coñecemento sobre o movemento, pero tamén sobre o seu contexto e como un inflúe no outro.

O que demostran os recursos e as oportunidades é que unhas peores condicións non favorecen movementos sociais organizados, estruturados, cunha ampla base social e con forza para manterse no tempo. Isto só o achegan unha serie de recursos e oportunidades, e unhas condicións de vida que permitan acceder a unha educación e á creación de institucións organizadas e eficaces. Mais tamén os suxeitos dentro destas organizacións precisan compartir unha mesma análise da situación e das posibles solucións para levar a cabo accións de protesta coordinadas e con demandas claras.

Ademais, é un enfoque que permite abordar e conectar distintos niveis de organización social (local, nacional e incluso internacional) e que abarca cuestións económicas, políticas e culturais, xa que nos movementos sociais conflúen estas tres esferas que podemos separar artificialmente para o seu estudo, na realidade entrelazadas.

A teoría da acción colectiva dámos unha guía sobre o que tecer o noso vestido, sen obrigarnos a un camiño único e permitindo múltiples enfoques, todos valiosos para comprender os fenómenos sociais. No presente traballo non foi posible afondar apenas en todas as opcións que se abren, e o gran desaparecido é o estudo das relacións do MDC co ciclo de mobilizacións a nivel mundial. No século XX a maioría destes movementos coñecíanse entre si: funcionaban como precedentes ou alternativas, do que aprendían tanto revolucionarios como contrarrevolucionarios. O movemento polos dereitos civís estivo tinguido por este contexto. O caso máis obvio é a inspiración na etapa final do proceso de independencia da India. Martin Luther King Jr. admitiu que non foi até coñecer estas mobilizacións que comprendeu como se podía adaptar a doutrina cristiá do amor a un nivel colectivo e non só individual (King, 2004, pp. 57-59). Mais tamén houbo membros do movemento en contacto cos revolucionarios cubanos (que aumentaron o temor do FBI sobre o vínculo do MDC co comunismo). DuBois visitou a Europa do Leste e incluso coñeceu a Mao Zedong en persoa (Kendi e Blain, 2021, p. 308; Kendi, 2016, p. 377). Ademais, algunhas formas de protesta do movemento tiveron grande acollida na Europa occidental da década de 1960 (como as sentadas).

Aínda así, hai varias chaves do movemento das que tentamos dar conta. (1) A conveniencia de delimitar o movemento e distinguilo doutros, ben cos criterios que eliximos, ben con outros. (2) O uso estratéxico da non-violencia. (3) A velocidade da reacción branca, cuxo inicio se adoitou situar na década de 1960, cando xa é perceptible

no decenio anterior. (4) Que os brancos do Sur tiveron que activar medidas semellantes ás que xa rexían no Norte para manter a segregación; é dicir, o Norte estaba moi segregado, pero baixo mecanismos máis sutís. (5) En relación con isto, a reacción ao movemento e os factores que contribuíron á súa decadencia evolucionaron ao longo do período, até inmovilizalo mediante recursos represivos máis complexos que a acción directa violenta. (6) Houbo cambios institucionais, reconfiguracións políticas e melloras sociais, pero tamén, e é fundamental, existiu un cambio na mentalidade dos propios negros sobre si mesmos e entre a xente branca, perceptible na retórica que se desenvolveu dende entón.

Tal e como as estratexias segregacionistas e racistas foron máis veladas e mellor protexidas polo aparato estatal (lexislativo e xudicial) co paso do tempo, as reivindicacións non foron tan sinxelas dende entón. Os republicanos cambiaron notablemente a súa retórica dende os inicios do movemento polos dereitos civís. Coa presidencia de Nixon iniciouse a política da *war on drugs* (intensificada durante o mandato de Ronald Reagan), que afectou máis aos barrios negros que aos brancos: en porcentaxe, moitas máis persoas negras cumprían sentenza que as brancas (sobre todo nun sistema xudicial onde os recursos económicos son claves para contratar a defensa ou pagar a fianza), e alimentou a retórica que vinculaba o Negro co crime. Mantívose a segregación por barrios (ao buscar ocos e novas formulacións para evitar o cumprimento da Lei de Vivenda de 1968), e as condicións de pobreza en que vivían os negros diminuían as súas oportunidades de promoción social, os seus recursos para a organización da protesta, así como parte do traballo de imaxe que realizaran as clases medias que lideraron o movemento.

Por outra banda, as súas peticións e dos grupos que lograron manterse tras as campañas represivas dos anos 70 seguiron buscando unha *intervención* do Estado (razón pola que se lles permitiu a súa supervivencia) e non un cambio fundamental das bases do sistema socioeconómico dos EUA. Isto é parte da herdanza do movemento polos dereitos civís, pero, polo de agora, tal estratexia probouse pouco efectivo nos escenarios que o seguiron. En parte por influencia da representación simbólica, ben como da busca do movemento dunha resposta veloz por parte das autoridades, os negros viraron cara á

dinámica do *tokenismo*³², que dá vitorias visibles, require dunha presión máis sinxela e lle resulta aceptable ao sistema, que pode dicirse non-racista pola inclusión de negros en postos claves (administración, industria do entretemento etc.). Como vimos, non se debe menosprezar a importancia do simbólico e da representación, mais como única estratexia é, naturalmente, incapaz de rematar coa situación de pobreza e discriminación que o Negro nos EUA segue a sufrir.

O que quixo probar este traballo foi a utilidade da teoría da acción colectiva para os estudos históricos. Segundo as preferencias e particularidades, cada historiador escollerá unha metodoloxía e un enfoque, pero débese recoñecer o valor doutros modelos alternativos, que nos achegan ao pasado de xeito diferente e completan a imaxe que creamos del. Nin a socioloxía nin outras disciplinas (xeografía, arqueoloxía, filosofía, filoloxía...) deben ser expurgadas dos estudos históricos, senón acollidas de xeito crítico por este, valorando as grandes contribucións que nos ofrecen. Este foi o noso caso, onde, aínda con matices, a teoría da acción colectiva probouse enriquecedora para o estudo do movemento polos dereitos civís.

³² «Algo que fai unha persoa ou organización que parece apoiar ou axudar a un grupo de persoas que reciben un trato inxusto na sociedade, como outorgar a un membro dese grupo un posto público ou importante, pero que non ten como obxectivo realizar cambios que axudaría a ese grupo de persoas dunha forma duradeira» (*Cambridge Dictionary*, voz «Tokenism»).

BIBLIOGRAFÍA

- «Tokenism» (s. d.). *Cambridge Dictionary*. Recuperado de <https://dictionary.cambridge.org/dictionary/english/tokenism> [consultado 21/06/2022].
- Blackmon, D. A. (2008). *Slavery by Another Name: The Re-Enslavement of Black Americans From the Civil War to World War II* (libro electrónico). New York: Anchor Books.
- Bloom, J. e Martin, W. E. (2013). *Black against Empire: The History and Politics of the Black Panther Party*. Berkeley: University of California Press.
- Casquette, J. (1998). *Política, cultura y movimientos sociales*. Bilbao: Bakeaz.
- Churchill, W. e Vander, J. (1990). *The COINTELPRO Papers: Documents from the FBI's Secret Wars Against Domestic Dissent*. Boston: South End Press.
- Clark, W. A. (1976). *An Analysis of the Relationship between Anti-Communism and Segregationist Thought in the Deep South, 1948-1964*. Chapel Hill: University of North Carolina
- Colaico, J. A. (1986). Martin Luther King, Jr. and the Paradox of Nonviolent Direct Action. *Phylon*, 47 (1), 16-28. DOI: 10.2307/274691.
- Cone J. H. (2000). Malcom X and Black Nationalism. En P. A. Winters (ed.), *The Civil Rights Movement* (pp. 62-69). San Diego: Greenhaven Press.
- Converse, P. E.; Miller, W. E.; Rusk, J. G.; e Wolfe, A.C. (1969). Continuity and Change in American Politics: Parties and Issues in the 1968 Election. *The American Political Science Review*, 63 (4), 1083-1105.
- Downes, B. T. (1970). A Critical Reexamination of Social and Political Characteristics of Riot Cities. *Social Science Quarterly*, 51 (2), 349-360.
- Earl, J. (2003). Tanks, Tear Gas, and Taxes: Toward a Theory of Movement Repression. *Sociological Theory*, 21 (1), 44-68.

- Federal Bureau of Investigation [FBI] (2010). *Martin Luther King, Jr.* FBI Records. Recuperado de <https://vault.fbi.gov/Martin%20Luther%20King%2C%20Jr> [consultado 13/06/2022].
- (2016). *Citizens Council Movement*. Recuperado de <https://archive.org/details/CitizensCouncilMovement/Central%20Alabama%20Citizens%20Council-HQ-1/page/n1/mode/2up> [consultado 13/06/2022].
- Garrow, D. J. (2000). The Voting Rights Act of 1965. En P. A. Winters (ed.), *The Civil Rights Movement* (pp. 175-184). San Diego: Greenhaven Press.
- Glick, B. (1990). The Face of COINTELPRO. En W. Churchill e J. Vander, *The COINTELPRO Papers: Documents from the FBI's Secret Wars Against Domestic Dissent* (pp. x-xvi). Boston: South End Press
- Greenblatt, A. (2000). The Civil Rights Act of 1964. En P. A. Winters (ed.), *The Civil Rights Movement* (pp. 167-174). San Diego: Greenhaven Press.
- Howard, J. R. (1974). *The Cutting Edge. Social Movements and Social Change in America*. Philadelphia: J. B. Lippincott.
- Howard, J. (2000). The Ineffectiveness of Nonviolence. En P. A. Winters (ed.), *The Civil Rights Movement* (pp. 157-166). San Diego: Greenhaven Press.
- Kempton, M. (2000). The March on Washington. En P. A. Winters (ed.), *The Civil Rights Movement* (pp. 126-130). San Diego: Greenhaven Press.
- Kendi, I. X. (2016). *Stamped from the Beginning: The Definitive History of Racist Ideas in America*. Nova York: Nation Books.
- Kendi, I. X. e Blain, K. N. (2021). *Four Hundred Souls*. Nova York: One World.
- King, M. L. Jr. (2000). Nonviolence and Racial Justice. En P. A. Winters (ed.), *The Civil Rights Movement* (pp. 58-61). San Diego: Greenhaven Press.
- (2004). *The Autobiography of Martin Luther King Jr.* (2.^a ed., libro electrónico). Nova York: Warner Books.
- Malcom X. (1968). Malcom X. En Luther King, Malcolm, Brown e Carmichael, *Textos sobre el poder negro* (pp. 47-129). Madrid: Ediciones Halcón.
- McAdam, D. (1982). *Political Process and the Development of Black Insurgency 1930–1970*. Chicago: The University of Chicago Press.

- McAdam, D.; McCarthy, J. D.; e Zald, N. M. (1999). Introducción. En D. McAdam, J. D. McCarthy e Zald, N. M. (eds.), *Movimientos sociales: perspectivas comparadas*. Madrid: Ediciones Istmo.
- McAdam, D. e Kloos, K. (2014). *Deeply Divided: Racial Politics and Social Movements in Postwar America*. Nova York: Oxford University Press.
- Meier, A. e Rudwick, E. (1969). The First Freedom Ride. *Phylon*, 30 (3), 213-222. DOI: [10.2307/273469](https://doi.org/10.2307/273469).
- Morris, A. D. (1984). *The Origins of the Civil Rights Movement: Black Communities Organizing for Change*. New York: The Free Press.
- (1996). The Black Church in the Civil Rights Movement: the SCLC as the Decentralized, Radical Arm of the Black Church. En C. Smith (ed.), *Disruptive religion. The Force of Faith in Social-Movement Activism* (pp. 29-46). New York: Routledge.
- Nimtz, A. (2016). Violence and/or Nonviolence in the Success of the Civil Rights Movement: The Malcom X–Martin Luther King, Jr. Nexus. *New Political Science*, 38 (1), 1-22. DOI: [10.1080/07393148.2015.1125116](https://doi.org/10.1080/07393148.2015.1125116).
- Patterson, J. T. (1997). *Grand Expectations: The United States, 1945–1974*. Oxford: Oxford University Press.
- Reed, T. V. (2005). *The Art of Protest: Culture and Activism from the Civil Rights Movement to the Streets of Seattle*. Minneapolis: University of Minnesota Press.
- Smith, C. (1996). Correcting a Curious Neglect, or Bringing Religion Back In. En C. Smith (ed.), *Disruptive religion. The Force of Faith in Social-Movement Activism* (pp. 1-28). New York: Routledge.
- Tarrow, S. (2020). *El poder en movimiento: Los movimientos sociales, la acción colectiva y la política* (4.^a ed.). Madrid: Alianza.
- Tilly, C. (1978). *From Mobilization to Revolution*. New York: Random House.
- (2003). *The Politics of Collective Violence*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Tocqueville, A. (1995). *The Old Regime and the French Revolution*. Garden City: Doubleday Anchor.


- Walters, R. (2000). The Student Sit-In Campaign. En P. A. Winters (ed.), *The Civil Rights Movement* (pp. 108-116). San Diego: Greenhaven Press.
- Watson, D. L. (2000). Litigation and Political Lobbying. En P. A. Winters (ed.), *The Civil Rights Movement* (pp. 37-44). San Diego: Greenhaven Press.
- White, F. R. (2000). Southern States Sidestep Desegregation Orders. En P. A. Winters (ed.), *The Civil Rights Movement* (pp. 70-79). San Diego: Greenhaven Press.
- Wilson, W. J. (1973). *Power, Racism, and Privilege*. New York: The Free Press.

APÉNDICE

Imaxe 1: factores que influíron na construción do movemento negro dende 1900 até 1954.


Fonte: McAdam (1982, p. 113).

Figure 5.6 Model of Factors Contributing to the Development of a Favorable Context for Black Insurgency, 1900–1954



Imaxe 2: factores que influíron na construción do movemento negro dende 1900 até 1954.
 Fonte: McAdam (1982, p. 114).


Figure 5.7 Simplified Version of Model Outlined in Figure 5.6 with Path Coefficients for all Relationships



+ significant at .05 level
 * significant at the .01 level

Gráfica I: resolución en favor e en contra dos dereitos civís do Tribunal Supremo (1876-1955).

Fonte: McAdam (1982, p. 85).



Gráfica 2: actividades do movimento polos dereitos civís e o contramovemento (xaneiro de 1961-marzo de 1963).

Fonte: McAdam, D. e Kloos K. (2014, p. 105).




Figure 3.10 Civil Rights Movement and Countermovement Activity, 1961–1963

Source: *New York Times*

Gráfica 3: acontecementos das organización e do movemento polos dereitos civís dende 1948 até 1976.

Fonte: McAdam, D. e Kloos K. (2014, p. 81).




Figure 3.6 Civil Rights Movement Events, 1948–1976

Source: New York Times

Táboa 1: cadro adaptado da clasificación sobre os tipos de control da protesta de Earl. Sinalamos en cursiva as coincidencias co movemento polos dereitos civís.

Fontes: Earl, (2003, p. 47) e Tarrow (2020, p. 297).

Axentes	Coerción	Canalización
Axentes estatais estreitamente vinculados ás elites nacionais	<i>Accións militares contra manifestantes</i> <i>Contraintelixencia do FBI</i>	Supresión do financiamento Leis fiscais sobre as organizacións sen ánimo de lucro
Axentes estatais pouco vinculados coas elites nacionais	<i>Regulamentación local sobre as protestas</i> <i>Programas de contraintelixencia da policía local</i>	<i>Esixencia de permisos para as protestas</i> Restricións nas bolsas concedidas a estudantes condenados por delitos
Axentes privados	<i>Violencia a cargo de contramovements</i> <i>Ameazas privadas proferidas por contramovements</i>	<i>Patrocinio das elites limitado a obxectivos ou tácticas específicas</i> <i>Empresas con poder en certas cidades</i>